

vilalba

Ultiman as obras na EDAR, nas que se invertiron 1,5 millóns de euros. **Páx. 4**

friol

A localidade inaugura o polo de emprendemento da comarca. **Páx. 13**

muras

O Goberno local comeza as obras de reparación do CEIP Antía Cal. **Páx. 16**

pol

Rodríguez Ónega foi o encargado do pregón no San Froilán catalán. **Páx. 20**

castro de rei

O Concello remata a obra de rehabilitación da Fonte da Troita. **Páx. 23**

Sorpresa en Vilalba

Elba Veleiro anunciou a súa dimisión tres meses despois de xurar o cargo e foi substituída por Marta Rouco, segunda na lista do PSOE



A Festa da Filloa, premio turístico

O galardón foi entregado aos organizadores nun acto na praza de San Marcos. **Páx. 21**

A Deputación insiste no tema sanitario

O Pleno acorda pedir á Xunta que cubra a inminente xubilación de médicos dos concellos. **Pax. 25**

O Goberno provincial inicia varias obras

A Deputación mantén en marcha varias actuacións en vías de varios concellos da comarca. **Páx. 26**

Feira de Fungos



Burning será o prato forte da XXXIII edición da cita pontesa. **Páx. 10**

Poxa de Gando Frisón



Friol convoca a segunda cita desta feira para o 21 deste mes. **Páx. 12**

Invernada de cine



Arrancará o día 21 un programa con tres proxeccións e dúas actuacións. **Páx. 22**

Non todos os progresivos son iguais

Proba os progresivos personalizados. Verás a diferenza

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9. Vilalba.
Avda. de Galicia, 91. As Pontes.

Nº 45.437-000101 / 11-27-400110 - Nº 45.437-000104 / 11-10-401170

NOVALUX
óptica & centro auditivo



Cambio no Goberno de Vilalba

Marta Rouco substitúe a Elba Veleiro á fronte da Alcaldía logo da súa dimisión

O PSOE comunicou na celebración do Pleno do 2 de outubro e de forma sorpresiva a dimisión da alcaldesa Elba Veleiro. A rexedora tomou a palabra para informar ela mesma da renuncia á acta ante a corporación. Veleiro pon fin a dezaseis anos de actividade política como primeira alcaldesa na democracia en Vilalba, argumentando a súa vontade de incorporarse de novo ao seu posto no centro de saúde antes da súa xubilación. Motivou a súa decisión en base a tres cuestións fundamentais: o cumprimento do encargo asumido de conseguir dúas alcaldías progresistas para Vilalba e arrebatado o poder ao PP na localidade despois de máis de 40 anos; a idoneidade do momento para dar relevo a un equipo consolidado e forte; e finalmente o seu desexo de volver á súa profesión e rematar alí a súa vida laboral, "nun momento no que fan falta profesionais, porque como todos sabedes o meu cupo de pacientes leva sen cubrirse desde finais do 2022".

A proposta do Grupo Municipal Socialista sinalou no mesmo momento á actual secretaria de organización da Agrupación e segunda tenente de alcaldesa, Marta Rouco, para coller o relevo na Alcaldía, cuestión que foi ratificada por unanimidade pola Comisión Executiva Local.

Os socialistas sitúan á número dous nos pasados comicios electorais como a responsable de asumir o bastón de mando "pola súa capacidade de xestión, experiencia na administración local e coñecemento da realidade social vilalbesa". Con esta decisión, o PSOE asegura a continui-

dade da acción política progresista no concello, sempre coa perspectiva de acadar as mellores condicións de vida para a maioría das persoas.

Marta Rouco, natural de Goiriz, é licenciada en Ciencias Políticas e da Administración pola USC, cun mestrado en Administración Financeira e Tributaria expedido pola mesma universidade.

Ocupou postos de xestión e administración en distintas sucursais bancarias, traballando durante oito anos nunha mutua colaboradora coa Seguridade Social. Actualmente, é a xerente do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

A saída de Veleiro implica a entrada do socialista Ignacio Criado.



“Traballarei duro cada día para mellorar a vida dos vilalbeses”

Imaxino que será unha transición tranquila.

Si, por suposto. Elba Veleiro comunicounos a súa decisión persoal de deixar a Alcaldía, unha decisión que temos que respectar aínda que nos provocou tristura, e eu era a número dous da candidatura socialista nas pasadas eleccións municipais de maio. Correspóndeme asumir a Alcaldía, un cargo que desempeñarei con orgullo e con toda a responsabilidade que supón.

Con que obxectivos chega á Alcaldía?

No ano 2019 puxemos en marcha un proxecto de vila e o obxectivo é continualo, aínda queda moito por facer. Queremos unha Vilalba máis cómoda para as persoas, recuperando para elas os espazos públicos, cuns servizos públicos de calidade para mellorar a vida dos nosos veciños e veciñas. As políti-

cas sociais e para as familias seguirán sendo piares da nosa acción de goberno, ao igual que coidar ás parroquias ou ter unha boa programación cultural e deportiva.

Supoño que o cambio de alcaldesa non supón ningún cambio co pacto edificado cos outros partidos de esquerdas.

Non, non suporá ningún cambio. O pacto de goberno recolle que a Alcaldía correspóndelle ao PSOE e o pacto continuará igual, xa que está funcionando ben.

Tamén supoño que é importante volver recuperar a confianza dos votantes socialistas?

Un resultado electoral sempre abre un período de reflexión interno dentro dos partidos, nós desde logo o estamos facendo na agrupación socialista de Vilalba. Agora o que toca é poñer en marcha políticas progresistas desde o concello, fomentando a igualdade

de oportunidades, e estou convencida de que o partido chegará forte e unido ás próximas citas electorais, recuperando a confianza de militantes e simpatizantes.

O cambio de alcaldesa suporá algún cambio máis na distribución de tarefas no goberno local?

Permitíame que vaíamos paso a paso. Aínda non se celebrou o pleno de investidura, entrará un novo concelleiro pola marcha de Elba Veleiro e posteriormente haberá tempo para falar da distribución de tarefas, pero xa lle adianto que non haberá grandes revolucións nese aspecto. O proxecto continúa e Ignacio Criado o coñece ben.

Cales son os proxectos máis inmediatos?

Como xa lle comentei anteriormente, o proxecto de vila que queremos está claro. O que eu podo prometer é que traballarei moi duro cada día para mellorar a vida



dos vilalbeses e vilalbesas, xa haberá tempo para falar de proxectos máis en concreto.

Que necesidades máis urxentes ten Vilalba? Cal é o sector que máis atención precisa?

Prefiro falar de persoas antes que de sectores. Son moi consciente de que a situación non é nada sinxela para moitos veciños e veciñas e os concellos somos a administración máis próxima a eles. Dentro das nosas posibilidades, debemos dar resposta ás súas necesidades, arranxar os seus problemas. Seguiremos apostando polos servizos públicos, a conciliación, a mellora das infraestruturas tanto no casco urbano como nas nosas parroquias, en definitiva, repito, o obxectivo seguirá sendo mellorar a vida dos vilalbeses e vilalbesas.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

EDUARDO VIDAL, PSOE

- Agradecer a conduta e compromiso intachable da compañeira Elba, así como un recoñecemento á súa figura como persoa que durante varias lexislaturas encabezou o equipo que nos levou a conseguir o fito histórico gobernar por primeira vez en Vilalba.
- É coñecida a súa dedicación plena aos demais, polo que respectamos a súa decisión de continuar nesa senda dende o que realmente lle apasiona, o servizo público, agora dende a sanidade. Seguirá tendo o noso recoñecemento entre outras cousas porque sabemos que dende o lugar no que se atope seguirá apoiando as ideas de progreso, solidariedade e igualdade.

SANDRA LÓPEZ, PARTIDO POPULAR

- Politicamente, vémoste como unha incoherencia. Primeiro dinos que xa o sabían cando fixeron as listas, despois ela mesma afirma que “por responsabilidade non ía dimitir, que non era o seu estilo”. E agora, pouco despois de asinar un pacto con Vilalba Aberta para gobernar, dimite. Non ten lóxica.
- En canto ao persoal, reiteramos o noso máximo respecto e desexámolle o mellor.
- Nos non coñecíamos esta decisión antes do pleno, como sí a coñecían as outras forzas políticas pero, en Vilalba era un segredo a voces. Levábase rumoreando dende había un tempo.
- Nos últimos anos xa sucederon dimisións sorprendentes nas fi-



las do PSOE e agora marcha a súa máxima representante, está claro que algo pasa aí. Por outro lado está a tensión entre PSOE e VA, como xa quedou demostrado na anterior lexislatura.

- O cambio de alcaldía é algo que teñen que valorar os veciños e veciñas de Vilalba.
- Como concelleira, Marta Rouco é a encargada da área de Econo-

mía e Facenda dende que o PSOE goberna en Vilalba e, nestes catro últimos anos, nin elaboraron nin aprobaron uns orzamentos. Un goberno sen orzamentos non é precisamente un exemplo de boa xestión económica.

- A lexislatura comeza revolta e son os vilalbeses e vilalbesas os que pagan esta inestabilidade. Hai inestabilidade dentro do PSOE e tamén hai inestabilidade no goberno bipartito, salta á vista. Iniciamos con cambios na Alcaldía e incerteza social. Son cambios importantes que, xunto á delicada situación económica na que se atopan as arcas municipais, todo apunta a que nos enfrontamos a unha lexislatura complicada.

TINO ALVIDE, BNG

- Instamos ao PSOE a explicar porque se produce realmente esta marcha da alcaldesa que fai apenas tres meses ven de ser investida” sinalan. “Resulta chamativo que sen terse trasladado publicamente antes ningún problema no que atinxe á gobernabilidade do Concello de Vilalba, dun día para outro nos atopamos con esta dimisión.
- Por parte do PSOE están intentando darlle carta de normalidade a unha situación que é de todo menos normal salientan desde o BNG, e, engaden, quizais o PSOE debería explicar porque pon por diante as súas liortas internas antes que o interese das veciñas e veciños de Vilalba conclúen desde a organización nacionalista.

“Despídome coa satisfacción de ter acadado dúas alcaldías progresistas para Vilalba”

Vilalba, Elba Veleiro, puxo fin coa súa dimisión a 16 anos de actividade política na localidade, acadando dúas alcaldías progresistas tras lograr no ano 2019 converterse na primeira alcaldesa muller na democracia en Vilalba.



• Foi unha decisión tomada coa serenidade, a reflexión e a tranquilidade que dá o traballo feito e a satisfacción de ter entregado o mellor de min nestes anos”.

• Quero volver a miña profesión especialmente nun momento no que a sanidade necesita máis profesionais, pois xa sabedes que desde finais do ano pasado ninguén está cubrindo o meu cupo de pacientes.

• A miña prioridade sempre foi servir ás persoas, ser de utilidade aos vilalbeses e vilalbesas, e creo que agora, momento no que se achega a miña xubilación, onde mellor podo

continuar ese servizo público é no ambulatorio de Vilalba.

• Estou plenamente convencida de que deixo un equipo forte, con experiencia de xestión, con compañeirismo, e sobre todo, cun proxecto para Vilalba definido e todo o necesario para levalo á práctica: capacidade, ideas, traballo, ilusión e conviccións.

• Tamén estarei sempre para todos e cada un dos veciños e veciñas, porque nunca estarei o suficientemente agradecida de ter a honra de representarvos como alcaldesa.

MODESTO RENDA, VILALBA ABERTA

• Nós non podemos máis que respectar o que entendemos que é unha decisión persoal, nós sempre o facemos.

• Estamos actuando coa responsabilidade que iso implica e fundamentalmente duplicando traballo para que esta situación non repercuta na veciñanza. A miña prioridade é que non se retrase nin un minuto ningún expediente nin ningún trámite, tanto das nosas áreas como das do partido socialista, e que esta dimisión non teña consecuencias para a veciñanza.

• Para nós o importante é garantir a estabilidade do Concello, porque o que lle interesa aos vilalbeses é que se resolvan os seus problemas e iso só pode acontecer se hai responsabilidade institucional e o traballo non se ve condicionado por ningún movemento.

• Vilalba Aberta loitou no contexto das negociacións ata o último minuto pola Alcaldía, pero dende o momento no que asinamos o



acordo de goberno, que non vai de persoas, senón que vai de responsabilidades, asumimos que nestes catro anos, a Alcaldía lle corresponde ao Partido Socialista e a Vicealcaldía a Vilalba Aberta. Nese sentido, non podemos máis que ser absolutamente escrupulosos co pactado.

• O pacto non sofre ningún tipo de convulsión, todo o contrario, o noso papel é que esta situación conxuntural non derive en ningún prexuízo para os veciños. E podo garantir que é así xa que todos os proxectos que estaban en marcha

seguen os seus trámites e incluso estamos intentando axilizar. O goberno de coalición funciona correctamente.

• Non penso facer ningunha valoración no tocante a Marta, porque aínda non exerceu como alcaldesa, polo que eu valorarei o seu traballo cando vexamos o seu día a día na Alcaldía. Para nós a opción preferente, lóxicamente, é a miña como candidato, pero temos un acordo e un reparto de áreas que temos que respectar porque está vixente e corresponderalle a Marta Rouco demostrar si é unha boa alcaldesa.

• A única valoración é a título interno e persoal, a relación foi boa, a comunicación foi fluída e o respecto entre áreas foi moi escrupuloso. A nivel político non dá moito tempo para valorar porque non chegamos aos catro meses. Así que non me queda máis que desexarlle o mellor no persoal, que disfrute da súa vocación e da súa familia e que sexa para ben este cambio.



Clínica Médica
San Ramón
• En Vilalba •



AUDÍFONOS SIEMENS
A MEDIDA Y RECARGABLES



StreamLine TV
TRANSMITE EL AUDIO DEL
TELEVISOR A SUS AUDÍFONOS





¡LLÉVELO GRATIS CON LA COMPRA DE SUS AUDÍFONOS!

Pida su cita personalizada: 982 512 014. C/ Pintor López Guntín, 5-7 Bajo. 27800 - Vilalba, Lugo

O Concello multará por non recoller os excrementos dos cans

O Pleno aprobou unha modificación parcial da Ordenanza Xeral de Protección do Medio Ambiente Urbano, que inclúe novas normas que afectan á recollida dos excrementos dos animais.

Luis Fernández, concelleiro de Medio Ambiente, sostén que “o último obxectivo é sancionar, ogallá non sexan necesarias as multas, pero debemos concienciarnos sobre a necesidade de vivir nun concello limpo, ordenado e sostible”. O texto lembra que “a persoa que leva o animal está obrigada a recoller e retirar os excrementos e á limpeza da parte da vía pública afectada, polo que deberá levar obrigatoriamente unhas bolsas para a recollida e limpeza das feces e unha botella con produto desinfectante-desodorizante para minimizar os efectos das miccións dos cans”. Ademais, os

donos deberán procurar que os ouriños non se produzan sobre o mobiliario urbano, edificios e vehículos, tentando que se realicen xunto aos bordos das beirarrúas e o máis próximo aos sumidoiros ou a zonas que non sexan de xogo ou tránsito.

Non recoller os excrementos suporá unha sanción de 250 euros, e haberá tamén sancións de 150 euros se non se mostran, a requirimento da Policía Local, as bolsas para a recollida ou a botella desinfectante para minimizar o efecto das miccións.

A ordenanza prohíbe tamén alimentar a animais vagabundos ou extraviados sen contar con autorización municipal (500 euros) ou exhibir animais de compañía destinados á venda en escaparates ou a modo de reclamo comercial, tamén con sancións de 500 euros.

Ultiman as obras na EDAR

Elba Veleiro, como alcaldesa de Vilalba, e José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, visitaron as obras de mellora do saneamento e a depuración do municipio, nas que o investimento final supera os 1.500.000 euros.

O obxectivo das obras é limitar as verteduras sen tratamento adecuado ao río Madalena, para o que se acometeron dúas actuacións: a ampliación do pretratamento da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Vilalba e a construción dun tanque de tormentas, para a laminación e regulación de caudais en tempo de choiva.

Estas obras permitirán reter no tanque as primeiras augas de choiva, máis contaminadas, e envialas posteriormente á EDAR para o seu tratamento, evitando desta forma as verteduras. Os traballos estarán listos a finais outubro.

“Unhas obras moi importantes para Vilalba, que nos permiten avanzar coa mirada posta en solucionar un problema recorrente que afecta, por un lado, ao noso medio natural, e por outro, a moitas familias de Vilal-



ba”, explica Elba Veleiro.

Pola súa parte, José Antonio Quiroga apuntou que “con estas actuacións solucionaremos a problemática antiga e recorrente de verteduras que sofre o río Madalena e daremos un mellor servizo a 10.000 persoas”.

Nestes momentos, cando case a totalidade da obra civil e a instalación de equipos electromecánicos está rematada, os traballos están centrados na electrificación de equipos, a urbanización das zonas afectadas polos traballos e no peche do edificio de pretratamento mediante instalación da súa cuberta, as portas de

acceso e demais acabados interiores e de fachada.

“O goberno local socialista de Vilalba conseguiu este proxecto tan importante para Vilalba, tras varios intentos sen éxito por parte dos executivos do PP, incluso cun compromiso do entón concelleiro de Infraestruturas da Xunta para un novo pozo de tormentas que nunca chegou”, engade Veleiro.

Tras a construción do tanque de tormentas e as melloras do pretratamiento na propia EDAR, haberá outras actuacións na mellora do Ciclo de Auga no Concello de Vilalba.

Cambia a normativa da feira de gando

Debido á declaración en Galicia da Enfermidade Hemorráxica Epi-zoótica, a Consellería de Medio Rural vén de ditar unhas normas de obrigado cumprimento para a celebración de feiras e mercados nos que concorran ruminantes de abasto.

Por iso, o Concello de Vilalba pon no coñecemento das persoas interesadas na compra venda das especies ovina e cabrúa as condicións que se aplicarán, co obxectivo de evitar ou minimizar o contacto dos animais sensibles

ao vector (mosquito) transmisor, e que comezaron a aplicarse na pasada feira do día 8 de outubro. A concelleira de Feiras e Mercados de Vilalba, Paula Vigo, fai un chamamento “á responsabilidade dos gandeiros e dos operadores comerciais aos efectos do cumprimento das indicacións dadas, pois non se permitirá a entrada de ningún animal na feira que non cumpra as condicións establecidas”.

En concreto, advírtese de que todos os animais deberán estar identificados individualmente;

todos os animais deberán estar asentados nun Rega de procedencia; deberán ir acompañados de declaracións de desinsectación individual con produto autorizado; non evidenciarán sintomatoloxía clínica compatible coa enfermidade, e os transportes deberán de estar amparados por documentos acreditativos de desinfección e desinsectación con produtos autorizados. A entrada na feira realizarase baixo control veterinario, no horario comprendido entre as 08.30 e as 10.00 horas.



CONVENIO. As anpas dos sete colexios de Vilalba e arredores (CEIP Terra Chá, Insua Bermúdez, Monseivane, Mato Vizoso, Aquilino Iglesia Alvariño, EEI de Vilalba e Virxe do Monte de Cospeito) firmaron un convenio coa Asociación de Empresarios vilalbeses Sete Pontes, polo que os membros das asociacións terán descontos en 27 establecementos comerciais. Así poderán solicitar o seu desconto.




Rei Don García 91 Bajo.
27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
ryramosloures

REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Loures



EMPRESA ESPECIALIZADA EN TODO TIPO DE DESATASCOS Y VACIADO DE FOSAS SÉPTICAS

SERVICIO EXCLUSIVO 24H / 365 DÍAS

Disponemos de gran camión cuba para transporte de residuos y limpieza de alcantarillado

Y damos servicio de lavado de canalización a explotaciones agrícolas e industriales

Además contamos con 3 camiones para realizar todo tipo de desatascos (wc, fregaderos, arquetas, etc.)

Somos poseedores de la última tecnología en cámaras de inspección de tuberías (para fregaderos y canalizaciones), para detectar cualquier problema en las tuberías

PIDE PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

Vilalba premia a contratación de alumnos do obradoiro de emprego

Para incentivar a contratación por parte das empresas dos alumnos e alumnas que participan no obradoiro de emprego Terra Chá no Camiño III o Concello vén de sacar unha serie de axudas. En concreto, trátase de subvencións de 1.500 euros para contratar aos seis alumnos e alumnas que participaron no módulo de Operacións de gravación de datos e documentos (seis persoas para a dixitalización do arquivo municipal), e aos 8 alumnos do módulo de



mación que melloren a empregabilidade e posibiliten a inserción laboral dos nosos veciños e veciñas", asegura Elba Veleiro, alcaldesa de Vilalba.

As bases das axudas publicáronse no BOP de Lugo o pasado día 7 e o

prazo para presentar as solicitudes de axudas remata o 22 de setembro. A formalización dos contratos debe facerse entre o 19 de setembro e o 9 de outubro. O obradoiro de emprego clausúrase este luns, día 18 de setembro.

O Concello saca a licitación por primeira vez as escolas deportivas

O Concello de Vilalba sacou a licitación a xestión das escolas deportivas municipais das modalidades de actividades rítmicas, ioga, pilates, iniciación deportiva, ximnasia de mantemento, baile e patinaxe.

O Concello opta por un concurso aberto "co obxectivo de aportar transparencia, xa que é a primeira vez que se fai así, e para mellorar o servizo que lle damos aos veciños e veciñas", asegura Elba Veleiro, alcaldesa de Vilalba e responsable da área de Deportes.

O contrato divídese por lotes de cada modalidade e ten un valor total superior aos 100.000 euros. As adxudicacións son dun ano, con posibilidade de establecerse dous prórrogas anuais 1+(1+1). O prazo de presentación das ofertas remata o 4 de outubro. "O fomento do deporte e os hábitos de vida saudables son unha prioridade para o noso goberno e con esta licitación os veciños e veciñas de Vilalba poderán practicar diferentes modalidades nas mellores condicións", engadiu Veleiro.



Charlas nas parroquias

"Escoitar á veciñanza parroquia a parroquia, explicar as actuacións previstas para este ano, expoñer o diñeiro co que conta o Concello e que sexan os veciños/as os decidan as vindeiras". Así resumiu o vicecalde, Modesto Renda, o proceso de "escoita permanente" que retomou en

Sancovade. Unha iniciativa pioneira, que camiñará paralela á da continuada execución das máis de 30 obras comprometidas no conxunto do rural vilalbés e que supón o cumprimento dunha das medidas que con máis forza defendeu na pasada campaña electoral.

Renda impulsa un convenio coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

O Pleno ratificou a proposta do tenente de alcalde e responsable de Urbanismo, Modesto Renda, relativa á adhesión do Concello ao convenio interadministrativo coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), en virtude da cal o Concello de Vilalba delega as súas competencias en materia de inspección, supervisión, sanción e reposición da legalidade urbanística.

Pola súa parte, a APLU comprométese a transferir ata o 10% do produto das multas coercitivas e das sancións que esta impoña o que, se atendemos ao número de expedientes deste tipo que pasan polo departamento de urbanismo, podería supoñer un ingreso para o

Concello de ata 30.000€ anuais. Tal e como explicou Renda, a adhesión a esta entidade permitiralle ao Concello de Vilalba contar con "máis recursos económicos de cara a un mellor financiamento dos servizos públicos e os investimentos, ao tempo que se axiliza a tramitación no departamento de urbanismo e se reducen os tempos de espera dos veciños no que ten que ver coa resolución dos seus expedientes e solicitudes."

Está circunstancia será posible ao descargarse gran parte do traballo na APLU, sobre todo os expedientes relativos ás obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións,

sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo: Solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 31 e seguintes da LSG e disposición transitoria primeira da LSG); solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 27 e disposición transitoria primeira da LSG), e núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal (artigo 23 e disposición transitoria primeira da LSG).

A este respecto, Renda declarou que os resultados amosan que a actuación conxunta entre a Xunta e os concellos "é sinónimo de éxito".



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com



O PP insta a facer os orzamentos e cartos para o estadio da Madalena

O Grupo Municipal do PP de Vilalba pediu que o goberno local elabore un anteproxecto de presuposto municipal para o 2024 e convoque a tódolos grupos municipais “para a súa análise e negociación co obxectivo de chegar a un acordo que garanta a súa aprobación de forma que permita ao Concello contar no vindeiro ano cun presuposto actualizado que responda as necesidades actuais de Vilalba e os vilalbeses”.

Os populares defenden que “os orzamentos dunha entidade local son o instrumento que reflexa o proxecto de goberno para o desenvolvemento dunha vila” e incluso está recollido por lei que deben aprobar anualmente un orzamento. “Pero o Concello de Vilalba leva catro anos sen orzamento. Está prorrogado o elaborado polo goberno do Partido Popular no 2019 e ao que o PSOE votou en contra”, lembra a portavoz, Sandra López. O Partido Popular leva reivindicando en varios plenos a necesidade de contar cun orzamento municipal que responda ás necesidades das persoas que viven no noso municipio; “mentres o equipo de goberno fixo caso omiso, a pesar de que am-

bas formacións que integran o executivo actual -PSOE e Vilalba Aberta- recoñecían de maneira pública a necesidade de elaborar un instrumento de planificación económica para o noso municipio”.

Os populares volven reiterar a súa disposición para estudar un anteproxecto de presupostos, aberto a negociación, co fin de chegar a un acordo que facilite a aprobación definitiva dun orzamento municipal.

MADALENA. O PP tamén pediu que se realicen os trámites oportunos para conseguir financiamento para a instalación do novo alumeado para o estadio municipal da Madalena, tal e como require a Real Federación Española de Fútbol para que o Rácing Club Vilalbés poida disputar na casa os partidos da 2ª RFEF. Os populares propoñen, concretamente, que o Concello de Vilalba, a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia unifiquen esforzos para achegar cada unha das administracións a terceira parte do total do financiamento necesario. É dicir, “que as tres administracións acheguen financiamento a partes iguais”.

A AXENDA DO MES DE OUTUBRO



VILALPEDRE. A Asociación de Veciños de Vilapedre organiza para o próximo 21 de outubro a primeira edición da Festa do Bo Xantar que se fundamentará nun xantar. Este consistirá en callos, polbo á feira, cachelos, bebida, sobremesa, café e chupito a un prezo de 30 euros con nenos gratis ata os 6 anos e de 6 a 12 a 15 euros. A venda de tickets para esta comida xa está en marcha e poden adquirirse no restaurante O Paso, parrillada O'Adro, bar A Pereira e cos membros da asociación. A data límite é o 16 de este mes. Pero ademais da comida haberá outras actividades. Así, ás 14.00 está programada unha sesión vermú co dúo K'Os e, pola tarde, haberá música, sorteos e agasallos. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto cunha carpa.

SAN SIMÓN DA COSTA. A localidade de San Simón da Costa, en Vilalba, celebra as súas festas na honra a San Simón do venres 27 ao domingo 29 de outubro. O venres haberá unha liscada gratis para todos os asistentes e unha verbena con Merengue. O sábado 28, a xornada festiva dará comezo ás 13.30 horas cunha misa solemne, procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Compostela que, ademais, será a que amenice a verbena da noite,

xunto á orquestra Marbella. O domingo 29, a xornada relixiosa será á mesma hora e, nesta ocasión, a sesión vermú de fin de festa estará amenizada polo grupo Fénix.

BAILE. A Asociación Cultural e Deportiva Árbol, en Vilalba, organiza clases de baile en parella que se impartirán todos os martes ás 22.00 horas. Ofreceráse formación en bailes de salón e latinos con profesores especializados. Os interesados en anotarse poden facelo a través de Bea (617 626 003) ou Paula (655 582 171). As clases darán comezo o día 17 de outubro.

LANZÓS. A comisión da Festa da Xuventude de Lanzós organiza para o 14 de outubro a oitava edición da súa festa. Esta será no campo da festa do Adro, que estará cuberto con carpa. A xornada, dará comezo ás 13.00 horas, cunha misa solemne seguida da sesión vermú que estará a cargo do dúo Pedriñas. Despois haberá un xantar popular con empanada, embutidos ibéricos, polbo, xarrete con guarnición, bebidas, sobremesa e café, por un prezo de 33 euros, mentres que o menú infantil será de 10 euros e os menores de 5 irán de balde. Para poder participar haberá que apuntarse antes do 11 de outubro no bar A Pereira. Para os pequenos o xantar constará de pasta boloñesa, peituga de polo, sobremesa e bebida. Xa pola tarde haberá inchables, xogos e agasallos para os máis cativos amenizado pola música de Carta de Ajuste e Discomovil Eventec. Para pechar a sesión, pola noite, a verbena estará ao cargo das orquestras New York e París de Noia.

LADRA. A localidade de Ladra celebra as súas festas na honra á Virxe dos Remedios, que darán comezo o 14 de outubro, cunha misa solemne ás 13.30 horas cunha misa



e unha procesión. Previamente haberá oficios relixiosos ás 11.30 e ás 12.30 horas. Stereo será a encargada da sesión vermú e a verbena, neste caso xunto a Os Adrianos. O domingo será o último día de festa e despois do oficio relixioso, á mesma hora, a sesión vermú do grupo Os Adrianos poñerá punto final ás celebracións.

EXCURSIÓN A SOBER. O lescha foi admitido para participar no Programa Coñece a túa Provincia para realizar unha viaxe o martes 24 de outubro de 2023 á zona de Sober. A viaxe ten saída dende a Casa da Cultura de Vilalba ás 9,00 horas, para comezar ás 10.00 cunha visita ao Mazo de Santa Comba. A continuación desprazaranse a unha adega en Amandi, visita á Rectoral de Gundivós, con demostración de olaría tradicional, visita a un miradoiro sobre o Canón do Sil.

TASCA DO LIÑO. A Asociación de Mulleres Rurais San Bartolomé de Insua volverá celebrar a súa tradición Tasca do Liño, xornada de recreación histórica que se convoca na localidade vilalbesa de Insua. A que será a XV edición ten como data escollida o 28 de outubro. Está aberto o prazo de inscrición para aqueles artesáns que queiran sumarse a esta celebración.

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

construfer
Saneamientos, construcción
y ferretería
Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200
Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com
MATERIALES
DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Manu Lanvin abriu na praza de Santa María o ciclo Emprazadas

O tenente de alcalde e responsable de mobilidade Modesto Renda e a concelleira de cultura Tamara Rodríguez presentaron a iniciativa Emprazadas, unha aposta cultural para o centro da localidade, que nace complementaria do Plan de Posta en Valor da Praza de Santa María.

Trátase dunha acción coordinada entre estas dúas áreas de Goberno e na que, ao tempo que a área de Mobilidade segue dando pasos adiante no seu piloto de peonalización progresiva (limitando agora o estacionamento de vehículos nas fins de semana e festivos), a área de Cultura inaugura unha programación específica na praza, que tivo na actuación do bluesman internacional Manu Lanvin o primeiro prato forte.

“A nosa idea é limitar o estacionamento nas fins de semana e festivos; pero o paso de vehícu-



los estará por suposto permitido agás no momento das actuacións e da montaxe por motivos de seguridade”, explicou Renda.

Para a Concelleira de Cultura, Tamara Rodríguez, a iniciativa parte dunha “total aposta municipal pola zona vella” que pretende recuperar a praza de Santa María como o “epicentro da vida cul-

tural e social” en beneficio dos veciños/as, así como de comerciantes e hostaleiros do centro histórico”.

O concerto de Manu Lanvin foi a primeira experiencia dunha idea que terá continuidade e foi todo un éxito de público, que gozou tanto o espazo sen vehículos como da música do artista.


Rematan as obras que estaban pendentes no rural e empezan en Distriz

O Concello informou do remate das obras pendentes de execución nas parroquias. O tenente de alcalde e responsable de Infraestruturas Rurais, Modesto Renda, asinou a recepción dos últimos traballos de mellora e renovación da rede viaria, desta volta, os relativos á rexeneración total do firme do acceso á igrexa de Tardade ata o cruce coa capela.

Como adoita a ser habitual neste tipo de actuacións, o obxecto da obra foi a apertura de cunetas, a pavimentación con dobre rego asfáltico e a correcta sinalización vertical.

Renda, que contrastou coa veciñanza da parroquia a actuación, lembrou a importancia de poñer fin ós proxectos pendentes de execución para “dende xa organizar ata trinta novas obras en beneficio dos veciños/as do rural vilalbés de aquí a final de ano”

DISTRIZ. O responsable de Infraestruturas Rurais no Concello de Vi-



lalba tamén informou dunha nova mellora na rede viaria, desta volta na parroquia de Distriz.

Concretamente, os traballos realizáronse nas vías municipais que dan acceso á igrexa e ao barrio de Gondeboi e o obxecto dos mesmos foi a apertura e limpeza de cunetas, a pavimentación mediante dobre e triplo rego asfáltico e a colocación de nova sinalización vertical.

Poñen en marcha medidas para evitar atascos nos colexios da vila

A concelleira de Educación do Concello de Vilalba, Paula Vigo, recibiu nas últimas datas a varios pais e nais, que lle trasladaron o problema de atascos que hai nas zonas escolares nos horarios de entrada e saída aos centros.

En colaboración coa concellería de Servizos, Educación estuda a posta en marcha de diferentes medidas, como a creación dun carril só para

os buses na zona escolar ou mover os colectores, deixando máis espazo para estacionar. “Temos que idear alternativas para axilizar a entrada e a saída aos centros, axudando ás familias e á comunidade educativa”, explica Paula Vigo.

Ademais, o concelleiro de Servizos e Seguridade, Eduardo Vidal, responsable tamén da Policía Local, analiza cos axentes outras medidas

e vaise poñer en marcha unha zona ‘Bica e Arrinca’. Esta iniciativa busca promover paradas seguras e evitar aglomeracións. A parada debe realizarse durante un tempo limitado e sen que os adultos baixen do coche para axilizar o tráfico.

Por outra parte, está previsto que a Policía Local coordine o tráfico na hora punta e explique os cambios as familias.



UNHA FIBRA DO 15 A UN PREZO NUNCA VISTO

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB
+3 meses TV Total **GRATIS**

15€
/mes
44€/MES
Durante 9 meses



Chama gratis ao 900 651 679 combina o teu paquete a medida en adamo.es

Oferta válida para novos clientes que non contrataran ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 21/08/2023 e o 31/10/2023, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a internet Fibra 1.000 Mb + Móbil 50 GB durante os 9 primeiros meses a 15€/mes e, posteriormente, a 44€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Non inclúe cota de activación por importe de 12,10€ (IVE incluído), mais a instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 12 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplicarase o custo de 163,35€ (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. Líñas de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente. (2) ADAMO TV Total: Servizo gratuito durante os 3 primeiros meses e, posteriormente, a 12€/mes (IVE incluído), agás cancelación do servizo durante o período promocional.



O Concello reclama o mantemento das vivendas interxeneracionais do IGVS

O Concello das Pontes reclama o mantemento do edificio destinado a vivendas interxeneracionais sitas na rúa Sergio Rivera Chao.

A través dunha carta remitida á Consellería de vivenda, á dirección do IGVS e á Área provincial do IGVS, o Concello das Pontes subliña as incidencias que sofren os veciños e veciñas do inmoble, “un edificio onde conviven un gran número de persoas dependentes de avanzada idade e con mobilidade reducida que precisan de que os ascensores funcionen axeitadamente así como a caldeira, entre outras cuestións” apuntan desde o Concello das Pontes.

Así, na carta enviada pola entidade local subliñáanse as continuas incidencias causadas pola falta de mantemento e reparación do chan dun dos ascensores, que está inhabilitado desde fai moitos meses, así como as continuas avarías doutro dos elevadores que provoca que, en moitas ocasións, queden atrapadas as persoas residentes.

Tamén se evidencian os problemas de inundacións no baixo que provocan que deixen de funcionar a caldeira que subministra a calefacción e a auga quente, un problema que leva meses sin solución definitiva. “Cabe resaltar que no baixo dese edificio está situado o centro de día, que na actualidade está sen calefacción e auga quente, non podendo cumprir coas medidas hixiénico sanitarias correspondentes e a afectando ás persoas usuarias deste recurso sociosanitario e ao seu correcto funcionamento” remarcan desde o Concello

Desde o Concello reclaman unha reunión urxente cos organismos responsables do edificio destinado a vivendas interxeneracionais na rúa Sergio Rivera Chao co fin de tratar o seu estado e solicitan, así mesmo, unha visita presencial das autoridades implicadas para comprobar as instalacións e darlle unha solución na maior brevidade posible ante a proximidade do outono.

As Pontes reforza o servizo municipal de Atención Temperá

O programa de atención temperá, posto en marcha no ano 2019 polo Concello das Pontes, aumentou, no ano 2023, nun 15% o número de familias atendidas sendo xa corenta e seis crianzas as que reciben atención logopédica, terapéutica e psicolóxica a través da que se busca facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e promover a súa inclusión social.

Trátase dun “servizo esencial para todas aquelas familias que se enfrontan a unha situación non esperada no desenvolvemento do bebé. A través do programa de Atención Temperá, desde o Concello das Pontes tratamos de ofrecerlles ás familias un recurso co fin de mellorar a calidade de vida dos seus fillos e fillas, contribuír a que as crianzas teñan maiores oportunidades de futuro, buscando que cada neno e nena teña o mellor comezo da súa



historia persoal” subliña a concelleira responsable da área, Tania Pardo. O servizo ofrece un total de 84 horas semanais de atención individualizada, un 12% máis que durante o ano 2022, e está dirixido a familias das Pontes, con nenos e nenas de 0 a 6 anos que, durante período pre, peri ou postnatal, estiveran sometidos a situacións que puidesen alterar o seu proceso madurativo, como pode ser a prematuridade, baixo peso, a

anoxia ao nacer, ou calquera outro factor ou signo biolóxico de risco, así como a menores que presentan retardo ou calquera factor ou signo biolóxico de risco ou discapacidade física, psíquica ou sensorial e menores en situación de risco ou desamparo, sempre que alteren o proceso madurativo.

O programa inclúe servizos de logopedia, terapia ocupacional e psicoloxía.

Xa está aberto o prazo de matrícula nas escolas infantís

Xa está aberto o prazo de matriculación nas escolas deportivas municipais infantís. Para o curso 2023-2024, o departamento de Deportes ofrece un total de 10 disciplinas deportivas atletismo, baloncesto, hóckey a patíns, escalada en rocódromo, king boxing, patinaxe, tenis, ximnasia rítmica, tiro con arco e vela.

Todas as familias interesadas en inscribir aos seus fillos o fillas nas escolas municipais deportivas infantís poderán facelo a través do correo deportes@aspontes.org ou presen-

cialmente no departamento de Deportes (1º planta Casa Consistorial), achegando en ambos casos a ficha de inscrición e o xustificante de pago da taxa.

O custo total de cada actividade, para todo o curso, será de 40 euros a primeira matrícula da unidade familiar, 30€ a segunda matrícula da unidade familiar na mesma escola, 20 euros a terceira matrícula da unidade familiar na mesma escola de serán de balde a cuarta matrícula e sucesivas.

Concerto de música clásica co programa Dinamiz-ARTj

As Pontes acollerá unha nova actividade dentro do programa Dinamiz-ARTj. Será este venres, 13 de outubro, ás 20.00 horas na Casa Dopeso. Trátase do concerto de Rhea Quarter co título Suites.

O programa Suites propón ao oínte unha viaxe a través das historias que conta cada unha das obras que o compoñen. Unha viaxe no que o medio de transporte serán as pinceladas sonoras dos compositores e os narradores, o cuarteto de saxofóns Rhea Quartet.

CONSTRUCCIÓN

Servizo de camións grúa para transporte de materiais e áridos para particulares e empresas.

Retroexcavadora de una tonelada para traballos de difícil acceso e interiores de casas.

- DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN • FONTANERÍA • ELECTRICIDAD • COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA
- MOVIMIENTO DE TIERRA • REFORMAS INTEGRALES • RETRO Y MINI EXCAVADORAS • ALBAÑILERÍA
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS



Desde 1971 materializando sueños
A nivel nacional e internacional



AVDA. GALICIA 11 - VILALBA
Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919
info@intergallego.com

MULTITIENDA

Nueva multitienda en Vilalba, donde encontrará inciensos de la India, cartas de tarot, péndulos de cuarzo, gemas, aceites para dolores, regalos, aromaterapia, bisutería desde 1€, jabones artesanales, bombitas de baño, champú sólido, bolsos, productos espirituales, velas con oraciones, talismanes, amuletos, pulseras y colgantes protectores, spray auricos, fregasuelos espirituales etc.

Distribuidor oficial y exclusivo en Vilalba de CBD

Horario de lunes a viernes de 9:30 a 13:30 y de 16:30 a 20:30h.

Sábados de 9:30 a 13:30h.

Domingos de feria de 10 a 14h.

O Pleno aproba o proxecto de reurbanización da praza do Barreiro

O pleno do Concello das Pontes aprobou, durante unha sesión plenaria extraordinaria urxente, o proxecto de reurbanización da praza do Barreiro, unha actuación cun orzamento de 372.644 euros con cargo á Deputación da Coruña.

O proxecto, que continúa coas actuacións levadas a cabo polo Goberno local nos últimos anos, ten como obxectivo incrementar os niveis de funcionalidade, seguridade, accesibilidade, eficiencia enerxética, calidade ambiental e sustentabilidade nesta área de lecer e espaxamento e con tal finalidade crearanse zonas de estanza e reunión así como unha área de xogo, que permitirá a participación, interacción e desenvolvemento de habilidades dos nenos e nenas, introducidas nunha ampla superficie axardinada e vías de tránsito e de comunicación cos edificios que rodean a praza, eliminando as barreiras físicas existentes e creando itinerarios accesibles.

Propónse a creación de dous grandes espazos axardinados, un ao sur orientado ao xogo e outro ao norte con zonas de descanso, deseñándose amplos sendeiros peonís, dentro nunha alameda tradicional.



O proxecto aprobado tamén contempla a mellora dos accesos aos edificios, mantendo ao mesmo tempo a privacidade nas vivendas mediante a implantación de bandas verdes axardinadas perimetrais.

Así mesmo procederase á instalación de nova canalización eléctrica e novos farois e luminarias led e tamén se executará unha rede de drenaxe de pluviais conectada á rede de saneamento municipal existente, así como a posta a cota das arquetas e pozos existentes e a colocación de novas tapas de rexistro en cada un deles.

Por outra banda, instalarase unha rede de rega automática para proporcionar a auga necesaria ás zonas

axardinadas e finalmente equiparase o ámbito con mobiliario urbano de plástico reciclado mediante a colocación de bancos e papeleiras.

Durante o pleno municipal tamén foi aprobado o proxecto básico e de execución de renovación e pavimento da Rúa Real (fase 2) cun orzamento de 89.518,80 €, o proxecto de mellora da pavimentación e servizos na rúa do Sol valorado en 222.449,80 €, os proxectos de reparación e mellora do firme no Cameleiro, a pavimentación de viarios na parroquia de San Xoán do Freixo así como a reparación da capa de rodaxe nos viarios de O Rego, o Couce e o Castro, cun orzamento de 36.130,49 €, 113.730,10 € e 36.130,49 €, respectivamente.

As Pontes terá unha comisión de seguimento dos proxectos industriais

Todas as forzas políticas con representación no Concello das Pontes aprobaron por unanimidade solicitar á Xunta de Galicia a creación e convocatoria, inmediata e urxente, dunha Comisión, conformada pola administración autonómica, o Concello das Pontes e as organizacións sindicais, para o seguimento do proxectos industriais que se están a tramitar.

O alcalde das Pontes apuntou que “todos os proxectos están en tramitación administrativa pero descoñecemos o detalles da mesma, o que si sabemos é que todos os proxectos están en risco pola tramitación administrativa e nos gustaría implicación política para que un trámite que pode levar un ano nestes casos poida reducirse a seis meses para que, deste xeito, os proxectos se poidan facer realidade o antes posible. Sabemos que non é sempre doado pero os prazos son fundamentais para que os proxectos sexan canto antes realidade na nosa vila”.

González Formoso tamén amosou

a súa preocupación “polo inicio do expediente de declaración BIC da cheminea das Pontes. A todos os ponteses e pontesas gustaríanos conservar a cheminea pero nesa área hai xa un polígono industrial “de facto” que, con poucas modificacións, permitiríanos dispoñer de medio millón de metros cadrados para a instalación de novos proxectos industriais e está absolutamente en risco.”

Así mesmo, o pleno do Concello das Pontes acordou solicitarlle ao goberno do Estado e a Red Eléctrica unha reunión para revisar a capacidade do nó de evacuación do municipio e a revisión dos criterios técnicos por parte de Rede Eléctrica.

Por outra banda, acordouse a creación dunha Comisión Especial de Transición Xusta para abordar a situación administrativa do proxecto de desmantelamento da central térmica, o concurso de Transición así como os proxectos industriais proxectados para As Pontes.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

EN BREVE

GOENTE. A localidade de Goente celebra as súas festas na honra á Virxe do Rosario a fin de semana do 14 e 15. Será a misa ás 13.00 horas o primeiro acto do día e a continuación haberá sesión vermú amenizada pola orquestra Ritmo Xoven e pola noite haberá verbena con esta mesma orquestra ademais de Gran Parada. O domingo tamén haberá servizo relixioso pero ás 13.15 horas e a sesión vermú de fin de festa será co grupo Pasión.

CONCERTO. A cantante e compositora galega Leticia Rey presentará cancións do seu disco de longa duración *LuX* editado en xuño do 2022, nas Pontes o sábado 14 de outubro. Trátase dun disco difícil de catalogar e que se move entre o jazz, o folke o pop. A sesión terá lugar no auditorio cine Alovi, a partir das 20.00 horas e terá un prezo de 5 euros. Este concerto está incluído no convenio coa Deputación de A Coruña Rede Cultural 2023.

XOVES NA BIBLIO. Arranca de novo o programa Xoves na Biblio das Pontes este mes coa celebración de dúas sesións. A primeira xa se celebrou a seguinte será o xoves 26, unha sesión de contacontos co título *Agasallo das árbores*, a cargo de Cris Caldas, para nenos a partir dos 4 anos. Será ás 18.00 horas na Casa Dopeso.

Burning actuará na XXXIII edición da Feira de Fungos e Cogomelos



A XXXIII edición da Feira de Fungos e Cogomelos das Pontes, unha das citas gastronómicas máis esperadas do outono pontés, encherase coa música da mítica banda de rock en español Burning.

A cita será o sábado, 28 de outubro, ás 21:30 horas, no patio do Colexio Santa María. A entrada será libre ata completar aforo.

Precursoros de todo o rock and roll patrio, e sobreviventes a máis de 3 décadas nos escenarios, a música de Burning segue sendo canallesca, enxebre, chulesca e nostálgica. Os

seus temas transpórtannos ás noiwas que nunca coñecemos, as barras que nunca soportaron as nosas penas e os cigarros que deixamos de fumar.

A súa música é para “experdedores”, para solitarios, para os amantes do esquecemento, de historias inconclusas, de “ayeres” e de xa cho dixen. O seu verbo fácil, a súa mirada turbia e o cheiro a fume son, para calquera alma sensible, un déja-vu. Exercicios de nostalgia que rememoran unha escena non vivida senón por vivir.

O Concello mellora os camiños municipais en Tras do Río

O Concello das Pontes continúa co seu proxecto para mellorar as infraestruturas do ámbito rural, favorecer a calidade de vida da veciñanza, coa licitación da mellora dos camiños municipais en Tras do Río. O proxecto, cun orzamento de 29.763,58 euros con cargo ao Agader 2022-2023, permitirá dotar aos viarios dunha maior calidade, tanto estrutural como superficial, para garantir, deste xeito, a seguridade do tráfico e das persoas viandantes.

Así procederáse á mellora e substitución da actual capa de rodadura por aglomerado, actuación que inclúe o varrido de superficie e limpeza de marxes, a limpeza das cunetas e a eliminación de vexetación que invade o vial. Ademais repararanse as fochancas e zonas afundidas.

O afirmado realizarase mediante a extensión dunha nova capa de rodadura de formigón bituminoso. Os traballos rematarán co pintado das liñas de borde e a reposición da sinalización horizontal e vertical.

A asociación pontesa Poupariña iniciou os Luns Micolóxicos

A Asociación Micolóxica Poupariña, en colaboración co Concello das Pontes, organiza os Luns Micolóxicos. Esta actividade, totalmente gratuíta, terá lugar todos os luns, de 18.30 a 20.30 horas na Casa Dopeso. Desde a organización animan a todo o que queira, a traer os seus exemplares, sempre limpos e en bo estado, con tódalas súas partes incluídas as soterradas, para que sexan observadas.



OBRADOIROS. A concelleira de Benestar Social, Tania Pardo, e a directora do CIM, participaron na xornada inaugural dunha nova edición do obradoiro de memoria, unha iniciativa posta en marcha no ano 2011 polo Concello das Pontes en colaboración coa Asociación de Viúvas das Pontes. Durante nove meses, 29 mulleres, de entre os 45 e 85 anos, participaron neste taller que ten como obxectivos esenciais axudar ás alumnas a exercitar a mente, mellorar as súas capacidades de atención, concentración e aprendizaxe.

Regresa ás Pontes o cine de estrea

O cine de estrea regresou este mes ás Pontes, tras o descanso estival. Lorena Tenreiro, concelleira de Cultura recorda que o cine é unha das apostas culturais do goberno local con maior acollida entre a veciñanza, especialmente entre o público familiar; “desde o ano 2017, data na que lle ofrecemos á veciñanza acceso a unha carteleira actual e en formato dixital, máis de 31.000 espectadores pasaron pola Casa Dopeso para gozar dos máis de 200 títulos programados. Estas cifran acreditan o respaldo a esta proposta cultural anímanos a seguir apostando por achegar á veciñanza unha programación

cinematográfica, de estrea, dixital e de calidade, propia das grandes vilas e pensada para todos os públicos”. A programación do mes de outubro arracou coa proxección do filme *Barbie, la película*.

A fin de semana do 14 e 15 as películas que se proxeccionarán serán *Richard, la cigüeña y la joya perdida* (sábado e domingo, ás 17.00 horas) e *Todos los nombres de dios* para o público adulto (sábado, ás 19.30 e 22.00 horas e domingo ás 19.30 horas). A terceira fin de semana estarán en carteleira, para o público familiar, *El viaje de Ernest y Celestine* (sábado e domingo, ás 17.00 horas) e para



o público máis maior *Oppenheimer* (sábado, ás 18.30 e 22.00 horas e domingo ás 19.30 horas). Os días 28 e 29 de outubro será a quenda para *Campeonex* que se proxeccionará o sábado ás 17.00 horas, ás 19.30 horas e as 22.00 horas e o domingo ás 17.00 e ás 19.30 horas.

Nosotros elegimos la Tierra

edp

es.edp.com

BURRATA



28 OUTUBRO 2023

AS PONTES

XXXIII FEIRA FUNGOS E COGOMELOS

PATIO DO COLEXIO SANTA MARIA · 21:30H



Concello de
As Pontes de García Rodríguez

Más info en: www.vive.aspontes.org

artmusic
agency

As piscinas bateron récord de usuarios durante o verán

O Complexo Fluvial, que foi inaugurado o pasado verán despois de rematar as obras de unha reforma integral, bateu récords de usuarios, rexistrando a entrada de unhas 12.000 persoas. Estes datos recolléronse dende que se abriron as instalacións a mediados de xuño e ata o seu peche a mediados de setembro. O Concello de Friol optou por ampliar o período de apertura das súas piscinas este verán, pasando de dous meses de apertura que se viña facendo desde fai moitos anos, a abri-las durante tres meses. Este cambio produciuse atendendo ás peticións dos veciños e veciñas, que pedían que se abrisen durante un período mais longo, para poder aproveitar as boas instalacións coas que contan, durante mais tempo.

“A reforma que se fixo, o entorno, o paseo fluvial, o merendeiro, as pistas deportivas, etc., fan que moitos veciños e veciñas de este pobo decidiran achegarse moitas tardes ás piscinas, ao igual que moitas familias, parellas, grupos de amigos, que optaron por visitar Friol para pasar o día, facer uso das piscinas, e desfrutar de todo o entorno”, di o alcalde.

Todo isto fixo que se expediran case 9.000 entradas entre as de adultos e nenos, sen contar os menores de 6 anos que non precisan retirar entrada. Ademais fixéronse máis de 300 bonos familiares, e uns 150 bonos individuais, cos cales puideron facer uso das instalacións todos os días que permaneceron abertas.

Hai que contar tamén coas case 80 persoas que participaron nos cursos de natación no mes de agosto e principios de setembro, aos que asistiron alumnos de todas as idades, desde os 3 anos ata os 80 ou máis.

Cabe destacar o gran incremento de usuarios que se produciu tanto de persoas e familias que optaron por facerse socias, como os usuarios que retiraron as súas entradas individuais, así como as persoas que quixeron participar nos cursos de natación, que son subvencionados.

Comezan as obras na última fase da vía entre Friol e Palas

A Xunta comezou a última parte dos traballos de aglomerado da primeira fase de mellora da estrada autonómica LU-231, entre Friol e Palas de Rei.

En concreto, trátase dos traballos de disposición final da capa de rodaxe e posterior pintado da sinalización horizontal definitiva das obras de acondicionamento que se están a executar nos primeiros 9,4 km da estrada LU-231, no treito entre a travesía de Friol e o acceso a Castrelo.

A execución destes traballos prolongaranse ata mediados de outubro, sempre que as condicións meteorolóxicas sexan favorables.

O tráfico seguirá transitando pola estrada, minimizándose a incidencia na circulación dos vehículos no treito no que se actúe en cada momento, mediante a canalización do tráfico polo carril libre, con regulación para o paso alternativo en cada sentido de circulación.

A Xunta segue avanzando para ultimar estas obras dos primeiros



9,4 km da LU-231: 8,9 situados no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei. O obxectivo é telas rematadas a finais do mes de outubro.

Mediante esta actuación, transfórmase a sección da estrada, que tiña un ancho aproximado de 5 metros, con carrís estreitos e sen beiravías. Con esta intervención este tramo da LU-231 amplíase ata os 8 metros, con dous carrís de 3,5 metros de ancho cada un e beiravías de 0,5, salvo na zona con máis edificacións.



PSOE. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, recibiu no Pazo de San Marcos á voceira municipal socialista de Friol, Ana Pardo, para abordar as necesidades do municipio. O encontro, asegurou José Tomé, serviu para establecer prioridades de cara á elaboración dun plan de actuacións coas que seguir dotando de máis e mellores servizos á veciñanza desta localidade.

O Concello celebra o 21 a segunda edición da Poxa de Gando Frisón


Friol celebrará a súa segunda Poxa de Gando Frisón o sábado 21 de outubro, a partir das 12.00 horas, no mercado gandeiro de Friol.

Despois do éxito da primeira edición realizada en novembro do pasado ano, dende o Concello decidiron apostar por celebrar unha segunda edición.

Será unha poxa de gando frisón organizada en colaboración con Africor Lugo, que se encargará da selección dos animais, as probas sanitarias, pe-lado dos animais, coidado dos mesmos durante a feira e realización da poxa.

Na pasada edición vendéronse os 18 animais sacados á pista alcanzándose un volume de vendas duns 60.000€, cun prezo medio por cabeza de 3.000 euros.

Pola súa banda, o presidente de Africor Lugo, Manuel Sandamil, recalcou a importancia das poxas como a do próximo día 21 poden ter para o sector gandeiro, xa que se poñerán á venda animais cuxa calidade está garantida por pasar todos os controis que realiza Africor. A celebración da poxa, ademais, ten para Sandamil os alicientes de celebrarse nun mercado gandeiro con excelentes condicións e nunha zona na que a gande-



ría de leite ten moita importancia. Por iso, mostrouse convencido de que a poxa vai consolidarse en Friol nesta segunda edición.

O alcalde friolés, Jose Á. Santos, quere “agradecer a Africor e a todas as gandaría que participaron na pasada edición, por facer que fose un éxito, agardando que esta sexa tan boa ou mellor que a anterior, xa que este evento está dedicado á promoción do sector lácteo de Friol, moi importante no noso municipio, polo que debemos apoialo, ao igual que intentamos facer co gando vacún de carne, coa celebración da feira e poxas que realizamos o mes pasado”.

Feira do Gando Vacún

Gran éxito de público e de gando nesta nova edición da Feira do Gando Vacún de Carne de Friol. A Gandería da Morena fíxose co premio ao mellor lote, acaparando o primeiro premio tanto en femias como en machos menores de 8 meses. Tamén se levou o segundo en vacas e o terceiro en touros.

Tamén obtivo catro galardóns a gandería de Óscar Santos Buján, co primeiro e o terceiro en vacas e en

femias de 8 a 24 meses, ademais do segundo en machos menores de 8 meses.

Outra das gandaría máis galardo-das foi Penín Puente, que recibiu o primeiro premio en machos de 8 meses a 24, o mesmo que en touros e o segundo tanto en xovencas.

O terceiro posto en machos, dos dous grupo de idade foi para María Luz Penín Rouco e Gandería Santalla levouse outros dous en machos e un en femias.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTÁICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES CARTA
SUS REVUELTOS EN LA COCINA ALCO PÍCAR
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO ENSALADAS SABOREAR TORTILLAS
PASTAS RAXO PATATAS
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

Friol inaugura o polo de emprendemento da comarca

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, inaugurou en Friol o Polo de emprendemento e apoio ao emprego Lugo Comarca, que está a botar a andar para aproveitar o potencial emprendedor desta zona interior de Lugo. Nun acto, no que a representante autonómica destacou o potencial que ofrece Lugo para xerar riqueza e emprego, anunciou que a Xunta de Galicia instalará o quinto polo desta provincia en Sarria nos próximos meses.

“Cremos no potencial emprendedor do interior de Lugo, que conta con enorme riqueza gastronómica, pero tamén cultural, turística e paisaxística”, indicou Rivo, que subliñou como puntos fortes deste territorio que estea atravesado polos camiños de Santiago, forme parte da Reserva da Biosfera Terras do Miño e conte con rico patrimonio cultural e gastronómico, entre outros potenciais. Para a conselleira “diso tratan os polos de Emprendemento e Apoio



ao Emprego: de xerar actividade vencellada co territorio a través do emprendemento e da creación de emprego de calidade” e Lugo conta “con moitos valores que aproveitar e potenciar”, afirmou.

O polo Lugo Comarca ten como sede o Centro Sociocultural de Friol. O seu traballo súmase ao desenvolvido polos outros tres polos de emprendemento en activo na provincia: A Mariña, en Mondoñedo; Montaña luguesa, na Fonsagrada; e Lugo Sur,

en Monforte de Lemos.

Desde que iniciaron a súa actividade hai un ano, os polos de Lugo deron asesoramento e axuda para levar a cabo proxectos de emprendemento de 123 persoas, coas que se realizaron máis de 300 sesións de traballo. Entre as actividades máis representadas nos proxectos de emprendemento, atópanse a hostalería (26% do total), o comercio (10%), servizos (10%) e as actividades recreativas, de entretemento e artísticas (9%).

A Xunta pon en valor as permutas de terras

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, participou nunha mesa institucional do proxecto da ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas de Friol, no que se impulsaron unhas 400 hectáreas. Segundo explicou Santé, trátase dunha ferramenta eficaz para a mobilización de terras. Así, indicou que o que caracteriza ás permutas de interese agrario é que son acordos entre propietarios de predios rústicos, para o intercambio das mesmas de carácter consensuado, bilateral e recíproco. Ademais, ao levarse a cabo en zonas nas cales non existen problemas nin de identificación da titularidade do parcelario, nin necesidade de máis infraestruturas varias, mellorárase de forma exponencial a produtividade das explotacións desas áreas.

Estas permutas serán declaradas de especial interese agrario, o que implicará diferentes vantaxes, en-

tre elas unha liña de axudas para financiar os gastos notariais e de inscrición no rexistro da propiedade destas permutas, asesoramento e mediación por parte da Axencia, traballos de limpeza ou a eliminación da necesidade de licenza de segregación.

O obxectivo principal desta actuación é poñer en práctica en tres zonas piloto con características diferentes o procedemento de ordenación da terra agraria a través do sistema de permutas que permita avaliar a súa aptitude para aplicar o mesmo en zonas de características semellantes, nas que non haxa necesidade de máis infraestrutura viaria favorecendo tamén o nacemento de novas iniciativas. Con todo, os encargados de levar a cabo ditas iniciativas serán os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) das comarcas de Lugo, Ordes e Pontevedra Norte. Este proxecto de cooperación cos GDR conta cunha axuda de 117.000 euros.



MURAL. O CPI Doutor López Suárez vén de estrear un mural nun das paredes exteriores do edificio. Nesta ocasión trátase do mural da artista de Becerreá Ana Santiso, baseado na obra pictórica da tamén galega María Antonia Dans e no que o papel protagonista da muller rural cobra unha xusta relevancia.

O CPI López Suárez aumentou o seu alumnado un 11% este curso

O centro educativo de Friol deu comezo a un novo curso escolar nas tres etapas educativas que oferta dita institución, é dicir, educación infantil, educación primaria e secundaria. O número total de alumnos e alumnas que cursan estudos no centro friolés neste novo curso que acaba de dar comezo ascende a 231, o que supón un 11% máis de alumnado con respecto ao curso anterior. Así, seguindo este principio, o equi-

po docente optou por ofertar dous novos proxectos interdisciplinares que se engloban dentro do Plan Proxecto e dos Contratos Programa ofertados pola Consellería de Educación (Mestres Gandeiros e Emociona-T), que se suman aos dous xa existentes neste centro e que están relacionados co fomento do deporte e na dispoñibilidade do centro como dinamizador da práctica deportiva non só no centro, senón na contorna

no que se insire. Tamén é destacable a continuidade no plan PLAMBE, que incide no fomento da lectura por parte de alumnado. Este centro seguirá coa aposta da formación da comunidade educativa a través da consolidada Escola de Pais e Nais que leva dous anos en funcionamento e co Club de Lectura de adultos, que ademais de ofertarse a membros da comunidade, está aberta a toda a poboación.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

abadín

Comezan as obras nas cubertas da pista de pádel e do pavillón municipal



Deron comezo en Abadín as obras na cuberta do pavillón municipal, unha obra que se engloba nun proxecto para o aforro e a eficiencia enerxética, xa que ademais do cambio da cuberta actual, realizarase a substitución da caldeira actual de GLP por un equipo de produción de ACS mediante enerxía aerotérmica.

As actuacións que se realizarán serán substituír a cuberta actual de chapa galvanizada por outra de maior illamento térmico mediante panel sándwich de 60 milímetros de espesor, substituír tamén os actuais lucernarios por outros de maior cali-

dade e eficiencia enerxética e maior aproveitamento da luz solar.

Tamén comezaron as obras de colocación da cuberta na pista de pádel de Gontán, situada na área recreativa da Roxica. O proxecto de execución ten un orzamento de 83.711 euros.

Así, a obra que se levará a cabo o concello consiste en elevar os laterais outros tres metros máis con chapa translúcida e rexa de lona perforada que colocar sobre os tres metros de cristal que ten a instalación actualmente. O tellado estará feito por un armazón de ferro.

Presentan axudas por nacemento ou adopción

O Concello de Abadín vén de facer públicas as bases para a convocatoria das axudas a familias para nacementos e adopcións de menores de cinco anos.

Estas axudas teñen unha contía de 800 euros por familia. As axudas dividíranse en 500 euros en efectivo e outros 300 en cheques de compra en establecementos do termo municipal de Abadín para gastos derivados de alimentación, coida-

do e aseo persoal, vestiario, etc. Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes bases os proxenitores de fillos biolóxicos ou daqueles que adopten un menor de cinco anos no período definido cada ano.

O prazo para solicitarse será de trinta días naturais desde o nacemento ou adopción e estas deberán presentarse coa documentación pertinente nas oficinas municipais.



Abre un novo prazo para cubrir as vacantes nas escolas deportivas

O Concello de Guitiriz ten aberto ata o día 13 de outubro, o prazo para solicitar algunha das prazas vacantes nas diferentes disciplinas das Escolas Deportivas Municipais.

As actividades nas que hai vacantes son pilates Grupo 6 (luns e mércores de 11.30 a 12.00 horas): 3 prazas; zumba Infantil: 2 prazas; patinaxe grupo Parga: 3 prazas; ximnasia adultos Guitiriz: grupo 1: 1 praza, en cinco grupos de pádel (15 prazas).

A matrícula poderá formalizarse

de xeito presencial na casa consistorial, en horario de 8.30 a 14.30 horas con cita previa ou a través da sede electrónica municipal.

As prazas cubriranse por estrita orde de inscrición e non se poderá inscribir unha mesma persoa na mesma actividade en dous grupos diferentes. O prezo das actividades será de 15 euros ao mes por alumno/a e actividade e o prezo da matrícula de 10 euros, que se aboará unha vez que a persoa estea admitida na actividade solicitada.

Patrimonio inclúe no seu catálogo un hórreo de Labrada

Os hórreos situados nos municipios da Cañiza (Pontevedra) e Guitiriz entraron no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia, segundo publica o Diario Oficial de Galicia (DOG).

A lei do patrimonio cultural de Galicia establece a este respecto que serán bens de interese cultural os hórreos dos que existan evidencias que poidan confirmar a súa construción con anterioridade a 1901. Con todo, matiza tamén que, aínda que non poida ser acreditada esta antigüidade, poderán ser declarados de interese cultural ou

catalogados "cando se lles recoñeza un especial valor cultural, principalmente etnolóxico". Isto último é o que ocorreu cos dous hórreos catalogados, que a pesar de defender unha construción anterior a 1901, non puideron acreditar esta afirmación coa documentación necesaria.

Con todo, o DOG sinala que ambos presentan valores culturais como ben etnolóxico.

O hórreo de Guitiriz está situado no lugar da Gandarela, na parroquia de Santa María de Labrada.



LITERATURA. Elisabet Hillerud achegou ao alumnado do IES Poeta Díaz Castro o obradoiro *Poema zen para a igualdade*. A actividade consistiu na decoración dun poema sobre a igualdade empregando o método Zectangle, que se basea en crear imaxes e fomentar a paz interior e a concentración. Este obradoiro forma parte do programa *Ler Contamóito* para a dinamización á lectura.



guitiriz

A Aula CeMIT organiza un curso de intelixencia artificial

A aula CeMIT de Guitiriz acolle o curso *A Intelixencia Artificial no día a día*, posto en marcha pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e que está dirixido especialmente a persoas maiores de 55 anos sen coñecementos previos en Intelixencia Artificial (IA).

A través deste curso farase unha introdución a conceptos básicos da Intelixencia Artificial mediante exemplos prácticos, e algunhas aplicacións da IA no día a día, co obxectivo de tratar as cuestións como que é a Intelixencia Artificial?: introdución ao concepto de IA e presentación de exemplos prácticos. Tratarán o día a día coas tecnoloxías intelixentes: presentación de aplicacións cotiás que empregan IA, vantaxes do emprego de IA no día a día, e a súa contribución á sociedade.

Tamén falarán da Intelixencia Artificial próxima: revisión de exemplos prácticos (predición de texto, tradutor instantáneo etc.) e do futuro da Intelixencia Artificial: posibles aplicacións futuras, principios éticos e revisión dos avances na regulación. A actividade conta con prazas limitadas, e terá dúas quendas, o día 23 de outubro e o 27 de novembro en horario de 11.00 horas a 12:30 horas.

O Concello convoca unha excursión á Ribeira Sacra para o 13 de outubro

O Concello de Guitiriz organiza unha visita á Ribeira Sacra para o luns 16 de outubro.

A saída terá lugar ás 8.00 horas desde a praza do Campo da Feira e o criterio de selección será por rigorosa orde de inscrición, tendo prioridade as persoas empadroadas no municipio.

As prazas son limitadas e todas as persoas interesadas en participar nesta iniciativa poderán inscribirse na oficina de turismo, ata o venres 13 de outubro ás 12.00 horas.

O viaxe terá un prezo de 40 euros e nesta tarifa inclúese o almorzo, a visita a unha bodega, o xantar, unha viaxe en catamarán, seguro e transporte.



Remata a pavimentación da ponte de Rigueira

A Deputación de Lugo rematou as obras de conservación e mellora da ponte de Rigueira, situada á altura do punto quilométrico 4,520 da estrada provincial LU-P-4401, que é a que vai da Pastoriza a Muimenta pasando por Reigosa. Estes últimos traballos, que consisten na pavimentación do firme con aglomerado en quente, quedarán finalizados no día de hoxe permitindo recuperar neste treito a normalidade en ambos carrís de circulación cos que conta a vía. A institución investiu 30.000 euros nesta actuación para reafirmar a estrutura desta ponte debido as deficiencias existentes en varios dos seus elementos construtivos debido ao paso do tempo. En concreto, actuouse na reparación con recobramento de alta resistencia nunha grieta no pilar da zona central e construíuse un muro para a súa defensa. Así mesmo, os traballos realizáronse con extremada precaución e adoptando en todo momento as medidas precisas nas marxes do río para provocar o menor impacto e evitar a contaminación das súas augas.



A rehabilitación da ponte de Rigueira súmase a outros importantes investimentos acometidos pola Deputación nesta mesma vía. É o caso da actuación acometida no tramo da avenida Principal, ao seu paso polo núcleo urbano da Pastoriza, no que a institución provincial investiu 350.000€ para a dotación de novas beirarrúas, rehabilitación do firme, nova sinalización e melloras no alumeadado. Tamén destinou preto de 300.000€ á rexeneración do aglomerado por tramos e na reposición da pintura nos preto de 11 quilómetros desta estrada, mellorando a súa seguridade e comodidade de xeito integral.

A Asapa renova a directiva, que se estrea cun torneo de pádel

A Asociación de Comerciantes e Empresarios da Pastoriza, Asapa, cambiou a directiva unha vez que Marcos García Lombardero, anterior presidente, se incorporou ao equipo de Goberno polo Partido Popular como tenente de alcalde. Na reunión da asociación foi elixida por aclamación María López Prado, do establecemento Muselina. Ademais, acompañan a María na directiva, Nacho da casa da cultura; José Manuel, traballador da gasoleira, e Alonso, do bar Eskina. Segundo explicou María López, a directiva foi elixida por un ano coa intención de renovar as actividades organizadas polo colectivo "para impulsar o comercio da zona e atraer público á Pastoriza". A primeira das actividades que realizará a asociación é a realización do primeiro torneo de pádel que se leva a cabo no termo municipal. Este terá lugar a fin de se-

mana do 27 ao 29 de outubro e a inscrición xa está aberta.

Ademais, a asociación ten previsto realizar a tradicional ruta de tapas en novembro e máis ao longo prazo recuperar as carreiras de cabalos, que se fixeron hai dous anos. A Asapa non descarta seguir buscando ideas para novas accións de cara aos próximos meses, entre as que barallan unha carreira popular.

PÁDEL. A Asociación de Empresarios e Comerciantes da Pastoriza, Asapa, vén de convocar o I Torneo de Pádel, que se desenvolverá os días 27, 28 e 29 na pista da localidade, ao carón do pavillón. Xa está aberto o prazo de participación, que terá unha limitación de 12 parellas masculinas e 12 femininas. Esta terá un custo de 15 euros por persoa e o prazo estará aberto ata o 20 de outubro.

EN BREVE

CONCURSO. Por quinto ano consecutivo, co gallo do Día Internacional da Muller Rural, o Concello apóstase por visibilizar a través da fotografía as mulleres rurais, polo que volveu convocar o o concurso de fotografía Muller Rural. As fotografías están subidas á páxina de Facebook do concurso e a xente pode votar por elas ata o domingo día 15.

CHARLA EDUCACIÓN. A anpa do CEIP O Salvador organizou para o venres 13 de outubro, unha nova actividade, atendendo ás suxestións realizadas pola comunidade educativa. Así, teñen prevista unha charla sobre os signos de alerta nos nenos con necesidades educativas especiais ás 17.00 horas no propio centro. Esta estará a cargo de dúas profesionais do centro Neuritas, unha psicóloga e unha logopeda.

BAILE DE SALÓN. Os bailes de salón volverán á Pastoriza este mes de outubro. As sesións terán lugar os martes a partir das 22.30 horas a un prezo de 50 euros por parella e 30 individual. A inscrición estará aberta e debe facerse a través do teléfono 686 920 878.

O Goberno local repara varias vías

O Goberno local da Pastoriza continúa cos seus traballos de limpeza e mantemento no medio rural do termo municipal a cargo da brigada municipal. Así, interviñeron en Pousada, antes do inicio da festa, realizando labores de limpeza. Traballouse na beiravías nas pistas de terra que foron arranxadas con niveladora. Así mesmo interveuse en Vián, Cadavedo e Lagoa, nos edificios dos servizos e na balsa.

Así mesmo, prepararon os diferentes centros de ensino da localidade para o inicio das clases, axeitando as zonas verdes e camiños no interior dos diferentes recintos.

Fíxose tamen o arranxo da cuneta



en Xemil. Tamén fixeron a limpeza de depósitos de incendios de Vián e Úbeda así como na depuradora en Miñotelo.

Aproveitando o paso por estas pa-

rruquias fixeron traballos tamén en Xemil, Álvare, Bretoña, Fonmiñá e na propia Pastoriza. E é que a brigada contraincendios segue coa limpeza de depósitos de auga e captacións.



VIVENDA PÚBLICA. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, fixo entrega na Pastoriza de dúas vivendas de promoción pública situadas no lugar da Igrexa. Forman parte do parque de vivendas da Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, xestionadas a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS). Ambas adxudícanse en réxime de alugamento; contan cunha superficie de 90 metros cadrados e dispoñen de tres dormitorios e garaxe.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

CARACOL+

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

O Concello comeza as obras do CEIP Antía Cal

O Goberno local de Muras iniciará estes días as obras de mellora do CEIP Antía Cal de Muras, logo de non conseguir o apoio da Xunta para acometer ditas obras. Estas consistirán no amaño da cuberta e das baixantes ademais de mellorar os peches de fiestras e portas, entre outras necesidades.

Actualmente cursan estudos 15 escolares de entre cero e once anos no colexio Antía Cal de Muras, de tal xeito que as familias poden escolarizar aos seus fillos e fillas no propio termo municipal. O Concello de Muras tiña enviado á Consellería de Educación un informe no que daba conta dos problemas que ten o CEIP e reclamaba a mellora das mesmas. Indicábase nese informe que hai un deterioro importante do tellado, con lousas soltas que teñen

un perigo inminente de caída, de feito algunhas xa caeron. Hai tamén baixantes estragadas que provocan diferentes problemas no centro xa que moitas tamén están oxidadas.

O centro foi feito no ano 1987 e durante estes anos non se volveu a facer obra no mesmo, o único que se fai son parcheos e vese claramente que está deteriorado. O dirixente nacionalista reclamaba “unha aportación para Muras porque temos a sensación de que temos que facelo todo nós”. O Concello realizou tamén no centro unha serie de mellores na zona de Educación Infantil, xa que se pintou a aula e se lle deu un cambio de imaxe.

En anos anteriores o Concello fixo outras obras, como o cambio da caldeira para pellets e a adaptación dos baños.

Novo impulso á Feira do Poldro

Muras celebrou a XXXV edición da Feira do Poldro e do gando de monte, con gran éxito de organización e participación con presenza de numerosas gandarías de toda a contorna xa que esta Feira é unha referencia no norte galego en gando cabalar e de monte.

A feira, organizada polo Concello e con importantes colaboracións de colectivos coma Puraga e a Asociación Atila de amigos dos cabalos, de Muras, é Festa de Interese Turístico de Galicia “e cada ano sigue a medrar cuantitativa e cualitativamente, o cal é moi importante para o noso concello” afirmou o alcalde de Muras Manuel Requeixo, que xunto coas concelleiras do goberno Cristina Franco e Paula Gómez, na que recaeu o peso da organización, estiveron acompañados por unha representación do BNG, entre os que estaba o deputado no Parlamento Daniel Castro, o responsable comarcal Antonio Veiga, e o deputado de Medio Rural da Deputación de Lugo Daniel García,



institución que desde esa área colabora todos os anos con esta feira. Para o BNG son necesarias políticas específicas para o medio rural, porque son estratéxicas, son parte dun proxecto de ordenación do territorio que se ten que desenvolver para o conxunto do país e son esenciais para garantir un desenvolvemento sustentable e harmónico do territorio. Afirmar os nacionalistas que son necesarias

tamén políticas coma as que desenvolve o Concello de Muras, que considera o medio rural un sector estratéxico e chave no desenvolvemento económico e social, con actuacións públicas que garanten servizos de calidade aos habitantes dun concello eminentemente rural como é o de Muras, en diverso eidos coma o educativo, o social, ou os beneficios pola explotación dos recursos enerxéticos.

O PAI de Muras conta con prazas libres e abre a inscrición a concellos veciños

O Concello de Muras abriu un novo prazo de inscrición no Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2023-2024. Este é debido a que quedan prazas libres neste centro.

Este será o sexto ano escolar que estará en funcionamento aínda que no primeiro só estivo uns meses.

O PAI de Muras conta cun número de prazas reducido cunha metodoloxía de calidade por proxectos.

A inscrición pode facerse chamando ao teléfono 982 500 001.

O Pai de Muras conta con ocupación da veciñanza de Vilalba debido á escaseza de prazas deste servizo que ten a capital da Chaira.



Final do obradoiro Terras do Sor

O obradoiro de emprego Terras do Sor VI, que ofreceu formación a 20 traballadores desempregados nos concellos de Muras, O Vicedo e Ourrol, chegou ao seu fin.

O obradoiro contou con sete inscritos na modalidade de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións, que traballaron nunha residencia de maiores de Viveiro. Os outros 13 aprenderon Traballo de carpintaría e moble e

realizaron abundante mobiliario urbano -como marquesiñas e papeleiras- e outros elementos para edificios e espazos públicos, como mesas, tableiros, bancos ou cadeiras. En Muras fabricaron unha porta corredeira para o edificio da aula da natureza da praza de Vilalba ou 20 contraventás para a Casas do Médico, e aplicaron tratamento contra xilófagos e fungos no primeiro andar da antiga Escola da Balsa.



EXPOSICIÓN ROSALÍA. A localidade de Meira acolle ata o 17 de outubro, unha exposición fotográfica itinerante da Casa Museo de Rosalía de Castro. Está situada na praza do Concello e trátase dunha mostra que pretende resaltar o fito que supuxo comprar, restaurar e musealizar esta Casa-Museo en pleno franquismo, pero tamén ofrecer un repaso pola súa historia desde que abriu ao público aquel 15 de xullo de 1971. A exposición está organizada en seis capítulos diferenciados.

A Lareira
Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

Abre o prazo para pedir as axudas para material e transporte escolar

O Concello de Begonte abriu o prazo de presentación de solicitudes para as axudas a escolares deste municipio, que van dirixidas a todos os estudantes do termo municipal correspondentes ao curso 2023/24. As axudas están divididas en dúas convocatorias diferentes, por unha banda, as axudas de material e pola outra as de transporte escolar. Tamén terán a consideración de beneficiarios os alumnos empadroados en Begonte que cursen estudos no IES de Rábade ou noutros centros educativos públicos ou concertados, no curso académico 2023-2024. Estas axudas, que se conceden en función da renda, teñen un máximo de 150 euros e van destinadas á compra de material escolar para todas e excepcionalmente para libros de texto dos cursos 1º e 3º de ESO

no IES de Rábade. Enténdese por material escolar: fichas de traballo de educación infantil, mochilas, cadernos, dicionarios e outros materiais directamente relacionados co desenvolvemento das actividades formativas escolares. O prazo de presentación rematará o 19 de outubro. Esta pode facerse a través da sede electrónica. As axudas ao transporte escolar están dirixidas aos estudantes que cursen estudos de bacharelato, ciclos formativos de grao medio e superior, ou estudos universitarios. Os beneficiarios contarán cunha axuda de entre 200 e 400 euros dependendo da distancia do seu centro. O prazo de presentación da documentación necesaria para o outorgamento destas axudas nos dous casos rematará o 20 de outubro, tamén por sede electrónica.

Comeza a ampliación do saneamento en Carral



Augas de Galicia iniciou as obras para ampliar a rede de saneamento no lugar do Marco, da parroquia de Carral, concretamente no Camiño de Saavedra. Os traballos permitirán levar o servizo a esta zona, de carácter maiormente residencial e onde abundan as construcións auxiliares destinadas a usos agrícolas e vinculadas ás vivendas. O orzamento da actuación é de 228.700 euros. A obra consistirá na execución dun-

ha rede de colectores ata a rede actual, que a conducirá á estación de tratamento de augas residuais de Carral. O prazo de execución é de catro meses. A solución adoptada consiste na construción de tres colectores cunha lonxitude total de 675,5 metros. Tamén está prevista a renovación da condución de abastecemento nunha lonxitude de 495 metros, coa execución de dez acometidas domiciliarias.

O Cercud de Baamonde organiza unha excursión e as aulas abertas

O Cercud de Baamonde organiza unha excursión a Lugo para o próximo 19 de outubro. Esta será guiada e dará comezo ás 9.15 horas desde a praza de Baamonde. Farase un percorrido comentado polo centro de Lugo e tomarase un café no barrio da Ponte con posterior visita ás Termas Romanas. Tamén está prevista un percorrido pola Arte Urbá Lucense nos barrios do norte e un visita ao MIHL. Por outra banda, o Cercud continúa co seu programa de Aulas Abertas, un proxecto de dinamización económica cuxa finalidade é favorecer o emprendemento das mulleres no rural e contribuír ó seu empoderamento. Inclúense actividades formativas, cunha duración de 4 horas cada unha. Quedan dúas por celebrarse, o 16 de outubro con conservas horta e froita e rematarán o luns 13 de novembro con natureza e cosmética.

meira

Rematan as obras de pintado no pavillón e na casa da cultura

O Concello rematou as obras de reparación da fachada da Casa da Cultura, que conta agora cun sistema de ventilación da mesma para evitar humidades. Esta obra foi feita co apoio da Deputación. Así mesmo, remataron as obras de renovación do pavillón municipal, fíxose un lavado da fachada e o seu pintado, así como unha reparación e repintado das pistas. "Era moi necesario facelo porque levaba moitos anos sen cambiarse", indicou o concelleiro de Cultura. Esta obra tamén foi subvencionada pola Deputación.

Impartirán clases de baile en novembro

Os bailes de salón volverán a Meira en novembro xa que darán comezo as clases o día 8 do próximo mes na casa da cultura de Meira. As sesións terán lugar os mércores de 22.00 a 23.30 horas a un prezo de 50 euros por parella cada cuatro clases. A inscrición estará aberta durante todo o mes e debe facerse a través do teléfono 680 602 272, aínda que as prazas son limitadas.

Abren as inscricións para os talleres de benestar integral

Xa están en marcha unha serie de talleres, dan man da masaxista holística Ana Isabel Felipe, para lograr unha saúde total e un benestar completo, ademais de crecemento, confianza, autonomía, equilibrio e paz. Estas actividades serán no Telecentro de outubro a maio e terán un custe de 30 euros mensuais. A inscribirse, pódese facer chamando ao teléfono 673 803 823 ou en persoa no concello de Begonte.



Castiñeiro Milenario convoca un obradoiro de fermentados

O local da asociación veciñal O Castro de Begonte acolle o sábado 14 de outubro un obradoiro de fermentados, que se desenvolverá en horario de 10.30 a 14.00 horas e de 16.00 a 20. A sesión estará a cargo de Natalia Carrillo que explicará nunha sesión teórica os fundamentos da fermentación láctica de vexetais, como crear as receitas e un seguimento dos procesos de fermentación.

Na parte práctica farase un chucrut de col lombarda e verduras de tempada lactofermentadas. A sesión está organizada por Castiñeiro Milenario e ten prazas limitadas. A inscrición pecha o 11 de outubro e debe facerse por whatsapp no 616 705 174 ou no correo castineiro-milenario@hotmail.com. O curso ten un prezo de 15 euros para socios e de 25 para os non socios.

RENTA CAR
ALUGUER DE VEHÍCULOS **Vilalba**
Aluguer de: AUTOCARAVANAS
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS - TURISMOS

¡Non esperes para facer a viaxe dos teus soños!
722 376 219 - 664 797 776
Rúa do Acibro P48, (Pol. Ind. As Sete Pontes) 27800 Vilalba - Lugo

RESTAURANTE PARRILLADA
O'Adro
COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos
O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

A alcaldesa avanza en temas de urbanismo con responsables da Xunta



A alcaldesa de Rábade, Remedios González, mantivo unha reunión de traballo coa directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Encarnación Rivas, para abordar diversas melloras que precisa o municipio relacionadas co territorio, o medio ambiente e a vivenda. En concreto, a rexedora trasladoulle á dirixente autonómica a necesidade de acometer melloras no polígono industrial, tras ter detectado algunhas deficiencias á súa chegada ao Goberno municipal. Entre as melloras precisas tamén se contempla realizar modificacións ao PXOM para adaptar á lexislación vixente as industrias afectadas. En canto ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, o Goberno local está revisando o documento para corrixir os reparos que puxo no seu momento a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e proceder á súa aprobación inicial, así como algunhas outras modificacións que o Goberno local ten previsto levar a cabo.

Outro dos temas que abordaron

foi o impulso ao proxecto de co-housing Lar do Regueiro de cara a realizar as modificacións urbanísticas precisas para favorecer o seu desenvolvemento.

INFRAESTRUTURAS. O equipo de Goberno do Concello de Rábade segue adiante coas reunións de traballo para procurar melloras para o municipio.

Así, a alcaldesa, Reme González, vén de manter unha xuntanza de traballo en Santiago coa conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, para tratar sobre os principais proxectos que desenvolve a Consellería neste municipio e analizar as necesidades actuais. A rexedora acudiu acompañada do tenente de alcaldesa, Luis Novo, e do concelleiro de Medio Ambiente, Carlos González.

Reme González precisa que a xuntanza de traballo serviu para trasladar de primeira man as demandas do Concello de Rábade, o que contribuirá a sacar adiante futuras iniciativas en coordinación coa administración autonómica.

A unificación de dúas aulas provoca un conflito no colexio

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos do CEIP Otero Pedrayo convocou varias mobilizacións contra a decisión da Consellería de Educación de unificar as aulas de 4º e 5º curso cara o próximo ano lectivo.

O colectivo considera esta decisión "totalmente prexudicial para os pequenos" xa que se trata da unión de dous cursos de distinto ciclo onde, ademais, hai rapaces con necesidades especiais que lles resultaría máis custoso o cambio.

A alcaldesa de Rábade, Reme González, e o tenente de alcaldesa, Luis Novo, mantiveron unha xuntanza de traballo coa xefa territorial de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Sagrario Sánchez, para tratar con ela a decisión da Xunta de unificar as aulas de 4º e 5º de primaria do CEIP Otero Pedrayo.

A xefa territorial explicoulle ao equi-



po de Goberno do Concello de Rábade que se trata dunha situación puntual e que hai alumnado suficiente nos outros cursos como para que se poida desdobrar nun futuro máis ou menos próximo, ademais, lles explicou que existen moitos outros centros nos que pasa o mesmo e que, no caso de Rábade, hai profesorado suficiente para separar os cursos nas materias fundamentais.

Sagrario Sánchez comprometeuse coa rexedora a que, no caso de producirse incremento de matrícula nese grupo, se estudará de novo a situación.

Tras unha reunión coa Inspección en Santiago, na que non produciu unha volta atrás os pais decidiron volver ao colexio aínda que sen deixar a loita con manifestacións todos os xoves no centro.

Abre o parque da praza Castela

Xa está aberto ao público o remodelado parque da Praza de Castela, unha obra do anterior equipo de Goberno e que rematou en xuño. Segundo indica o grupo Independentes por Rábade, "foi unha obra moi criticada no seu día polo PP". Explicou o anterior alcalde, Francisco Fernández Montes, que "seguimos sin entender como unha obra que no mes de xuño se atopaba practicamente rematada, mantívose pechada para os nenos todo o verán, non nos parece dende logo un exemplo de boa xestión".



M O B E L R I A S

Descubre as novidades na tenda



PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Husqvarna Bosque y Jardín CARLOS

Reparaciones Carlos, s. l.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com

“O obxectivo principal é xuntarse e pasalo ben, máis para socializar”

Luis Coira é un dos membros do grupo Estoupacaldeiros, de Rábade

Nas festas de San Froilán sempre hai tempo para a participación dos grupos e colectivos locais ou de concellos da contorna, que forman parte do programa. É o caso do grupo Estoupacaldeiros, que fixeron dous pasarrúas, o venres 6 polo recinto histórico e o martes 10 pola zona de Augas Férreas. Porque a música convive sempre co sorriso.

Cantos son na formación?

Nós non temos un número fixo, non somos unha formación estable no sentido de que levamos xa anos e vai entrando xente e vai saíndo outra. De todas formas os que están nunca saen de todo, si están por aquí e actuamos veñen e tocan con nós.

Pero hai un grupo de músicos inicial?

Os que comezamos na formación somos Lucho Lago que era un dos gaiteiros, eu era outro. Tamén estaba Manuel, que tocaba o tambor; Qui-co que tocaba o pandeiro e Huggy (Alfonso) que tocaba o bombo. Este grupo inicial comezamos no ano 82.

Como xorde a idea?

Supoño que foi un pouco que nos prestou a todos. Naquela tempada estaba en boga Milladorio e nós formamos unha asociación cultural, que era a Asociación Cultural Chaira, e empezamos cada un a facer cousas, eu a gaita e Lucho empezou a tocar tamén e despois xuntámonos. Dentro dese contexto xeral que estaba tomando importancia a música tradicional e nós estábamos no proxecto de formar a asociación cultural, pois foron un pouco o que nos



levou por aí.

De onde ven o nome de Estoupacaldeiros?

O nome sacouno Haggy, ocurriuse-lle sen moito máis, falando da idea da musicalidade do grupo.

Que música tocan?

Principalmente música tradicional e folk. Como instrumentación contamos con gaita, acordeón, percusións e agora está entrando tamén algunha corda. Isto depende tamén dos que saímos cada día.

En que formato actúan habitualmente? Pasacalles, concerto...

Non acostumamos tocar en ningún escenario, mais ben tocamos polas rúas e polos bares. No momento do Covid tivemos un parón grande e estamos aínda un pouco coa idea de retomar, xa non pensando tanto en saír a actuar senón máis ben en xuntarnos, ir a unha taberna a picar algo e estar alí tocando e desfrutando.

Van agora ao San Froilán, é habitual?

Xa tocamos varias veces, non é que

vaiamos todos os anos, pero xa estivemos varios anos.

É logo como unha xuntanza, co obxectivo de pasalo ben?

Si, o obxectivo principal é xuntarse e pasalo ben, desfrutar. É un tema máis de socialización que doutra cousa.

Teñen algunha perspectiva de futuro?

Agora mesmo o proxecto que temos é conseguir establecer unha rutina, ao mellor dunha vez ao mes polo menos, para ir a algún sitio e tocar. A expectativa é poder desfrutar nós do que estamos facendo.

Como realizan a formación musical?

Nós principalmente cada un polo seu lado, sobre todo nos primeiros momentos. Cando xa levamos uns anos en Rábade tamén se formou a escola de música, que a levou Armando, e ao principio tamén estivo Gema, que é a acordeonista e alí si que iamos a clases de percusión con Brais. E seguimos facendo cousiñas, basicamente para desfrutar.

O Concello inicia as obras de recuperación de espazos públicos

O Concello realizou as obras de recuperación dun espazo da praza de España que estaba completamente abandonado e que non podía ser usado polos veciños e veciñas debido ao seu mal estado.

Segundo indica a alcaldesa, Remedios González, “a partir de agora será un espazo accesible, que deixará atrás unhas instalacións obsoletas e mal coidadas que nos obrigaron a facer unha actuación de emerxencia en canto obtivemos os permisos pertinentes”.

Así, o Goberno eliminou o “vertedoiro no que se tiña convertido a antiga fonte”, repuxo as árbores orixinais, magnolios, e a iluminación con farois de fundición, ao tempo que recuperará a zona como espazo público para uso e disfrute da veciñanza.



COHOUSING. O Goberno local presentou unha moción ao Pleno para amosar o apoio da Corporación a iniciativas de creación de vivendas colaborativas (cohousing) en ámbitos rurais e, nomeadamente, ao proxecto de cohousing Lar do Regueiro. A proposta foi aprobada por

unanimidade. Desde o Goberno local consideran que este tipo de iniciativas constitúen unha oportunidade que non se pode desaproveitar por parte de pequenos concellos do interior, no marco dunha estratexia pública orientada ao reto demográfico.



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

<p>Calle de Galicia, Vilalba Piso 2 Dorm 2 Baños 71m² 70.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende apartamento céntrico, de dos dormitorios e sala, dos baños e cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas ciudad, ascensor, garaje y trastero.</p>
<p>Pravia, Vilalba Piso 4 Dorm 3 Baños 210m² 95.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende piso muy céntrico, de 197 metros cuadrados, con vistas sobre la alameda de la localidad. Se vende para que lo termine el comprador a su gusto. Cabe incluso, dado el tamaño del piso, segregarlo en dos. La vivienda dispone de un trastero amplio en el bajo cubierta, una plaza de garaje y ascensor.</p>
<p>Carrizo s/n, Vilalba Casa / Chalet independiente 4 Dorm 3 Baños 280m² 110.000€</p> <p>En la parroquia de Santaballa, (Carrizo), a unos cinco kilómetros de Vilalba (Lugo) y a medio kilómetro de autovía Ferrol- Vilalba, se vende chalet en construcción para ser terminado por el comprador, con fachada en piedra, de unos 280 metros y con una finca de 3.100 metros. Se encuentra cerca de la charca del Alligal y del Hotel Spa África.</p>
<p>Calle de Galicia, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 115m² 127.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), se vende piso muy céntrico, a estrenar, de 4 habitaciones, sala, dos baños equipados y cocina. Dispone de calefacción individual a gas, ascensor, garaje y trastero en el bajo cubierta.</p>
<p>Lanzos s/n, Vilalba Casa rural 4 Dorm 4 Baños 200m² 235.000€</p> <p>En las proximidades de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta una vivienda unifamiliar, cuya distribución es la siguiente: Planta baja: Cocina, salón con chimenea, una habitación y dos baños. Planta alta: Tres habitaciones, sala y dos baños. A mayores hay una garaje amplio y una finca de una superficie próxima a los 3.000 metros cuadrados. Dentro de la finca hay otra casa pequeña, que puede ser acondicionada.</p>
<p>Calle Cospeito, Vilalba Piso 2 Dorm 1 Baño 70m² 82.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), en el edificio que hace esquina entre la Avda. Tierra Llana y la calle Cospeito ofrecemos en venta un apartamento totalmente amueblado de dos habitaciones, sala, cocina y baño. Dispone de calefacción, garaje, trastero y ascensor.</p>
<p>Ciudad de Lugo 16, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 105m² 120.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso de tres habitaciones, cocina-salón, dos baños, uno de ellos con jacuzzi. Dispone de calefacción individual, ascensor, plaza de garaje muy amplia y dos trasteros, uno al lado de la plaza de garaje y otro en el bajo cubierta. El piso se vende con los muebles.</p>
<p>Plaza Coronel Pena, Vilalba Casa / Chalet independiente 3 Dorm 1 Baño 80m² 250.000€</p> <p>Casa antigua blasonada, de piedra, con balconada, en el casco histórico de Vilalba (al lado de la plaza de Santa María y del Parador de Turismo), de 369,10 metros construidos, con fachada a la c) Concepción Arenal y jardín contiguo a la misma de 74 metros (cerrado con verja), que da a la Plaza del Coronel Pena. La parte destinada a vivienda de la casa ha sido reformada recientemente. Consta de dos salones, uno de ellos con chimenea, ocho habitaciones, 2 cuartos de baño, cocina, desván y amplio sótano. La casa se encuentra en el camino de Santiago, reuniendo las condiciones para montar algún negocio de hostelería y restauración.</p>
<p>Avenida de Galicia, Vilalba Local 50m² 51.000€</p> <p>En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un local en planta de calle, totalmente instalado, en el que hay dos despachos, una sala de espera, un archivo y un baño.</p>

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Críticas polo trato do servizo de transporte a tres escolares

A veciñanza de Pol mostrou ao Concello o seu malestar polo trato que están a recibir tres escolares do termo municipal por parte do servizo de transporte escolar da Xunta. O alcalde, que se uniu a estas críticas, califica de “inaudito” e “vergoñento” o trato que se dá á veciñanza do medio rural.

Explica Ónega que son tres os nenos máis afectados pola negativa do servizo de transporte de estudar os distintos casos, “e que non implican variación ningunha das rutas”.

De feito, falan do caso dun neno de Balonga ao que os pais teñen que levar ás paradas establecidas, que ten a máis dun quilómetro da súa casa, cando o bus pasa xusto por diante da porta do domicilio.

Unha situación moi parecida prodúcese en Caraño, onde tamén hai que transportar en coche ao pequeno á parada cando só implicaría unha volta mínima do autobús.

Situación similar tamén en Cirio, donde vense obrigados os pais a levar o neno ao pobo cando tamén conta cunha parada de bus xusto fronte á súa casa. Nos tres casos, a Xunta négase a modificar o ser-

vizo, “cando non implicaría ningún custe a maiores, ni máis tempo de servizo”.

Considera que se está a perder a esencia do transporte escolar nas zonas rurais cando os pais non poden ter ese servizo cando dispoñen de paradas e da infraestrutura.

“Tanto que falan da Galicia baleira e son eles mesmos os que tratan ao rural deste xeito poñendo máis trabas e problemas á veciñanza”, indica Ónega e subliña que “é unha vergoña o trato que nos están a dispensar, deixando claro que é unha mentira a súa preocupación polo rural xa que non se molestan en preocuparse un mínimo pola situación destas localidades que non teñen outros servizos alternativos”.

No pasado mes de marzo o Concello de Pol mandou un escrito á Xunta de Galicia solicitando unha marquesiña para a parada de bus onde recollen a tres rapaces para ir en autobús ao instituto de Lugo, “e nin caso se nos fixo”, di Lino Rodríguez, quen tamén lembrou o caso doutra rapaza que ten que camiñar tres quilómetros todos os días para chegar á parada de bus.

Rodríguez Ónega foi o encargado do pregón no San Froilán catalán

O alcalde de Pol, Lino Rodríguez Ónega, foi o encargado de abrir a festas e San Froilán de Barcelona, que se celebran en Nou Barris. Este multitudinario encontro está promovido pola Asociación de Amigos de San Froilán de Barcelona para reunir á comunidade lucense e galega en Cataluña e reforzar así “os lazos de confraternidade” entre ambos pobos.

A festa celébrase nunha fin de semana que arrancou o venres coa lectura do pregón, entre numerosas autoridades e invitados, xa que ademais se entregan os premios a empresarios e figuras destacadas con orixes na provincia de Lugo. O alcalde de Pol foi presentado polo deputado lugués Rivera Capón, tamén presente no acto xunto á alcaldesa de Lugo, do que dixo que é “outro deses lucenses que traballa cada día, con dedicación e empeño, polo benestar dos seus veciños e veciñas. Un alcalde que comprende e valora a importancia da emigración na nosa realidade social, económica e cultural”.

De feito, Rodríguez Ónega fixo referencia durante a súa intervención precisamente á emigración e fixo fin-



capé en maior medida na festa que todos os anos se celebra no Concello no mes de agosto dirixida precisamente aos emigrantes. O alcalde polense fixo entrega durante este acto ao presidente da asociación dunha réplica da figura do Emigrante que hai en Mosteiro e tamén se proxectou un vídeo sobre a súa localidade. Non faltaron tampouco as palabras de agradecemento de Lino Rodríguez por ter sido escollido como representante principal desta festa que todos os anos reúne a centos de persoas e que vén a ser o nexión de unión da emigración luguesa en

Barcelona.

Así mesmo, o alcalde tamén compartiu experiencias con algúns dos galardoados que teñen raíces precisamente no concello de Pol.

Unha das galardonadas é Mónica Rodríguez Carballeira, con pais de Mosteiro, que é licenciada en medicina e traballa no hospital Val de Hebrón en Medicina Interna. Tamén foron distinguidos Marcos Fernández, do Restaurante El Gallego; Silvestre Castro e a súa dona Manolita, que é da parroquia de Silva e teñen o Restaurante Castro; e Moncho, do Botafumeiro.

Remata a parcelaria de Santo Estevo coa entrega de títulos

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, acompañada do delegado da Xunta, Javier Arias, entregou os títulos de propiedade da concentración parcelaria de Santo Estevo de Pol. Este proceso de reestruturación da propiedade abrangueu unha superficie de 354,86 hectáreas, pertencentes a 89 veciños.

Neste acto, a directora destacou que, grazas a este traballo, pasouse de 511 predios a 151 parcelas finais. Desta forma, a superficie media das parcelas triplicouse, ao pasar de 6.944 a 23.500 metros cadrados. O investimento total neste proceso de reestruturación superou o medio millón de euros, contabilizando tanto os diferentes trámites técnicos e administrativos como as obras da rede camiños. Así, sinalou que as parcelarias seguen a ser un dos mellores mecanismos para darlle máis valor ás terras, á vez que permiten aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción.

As Mulleres Rurais retoman os cursos e as actividades

A Asociación Mulleres Rurais retomou as actividades e os cursos neste outono, que seguirán na mesma liña. Os luns teñen lugar as clases de ioga de 16.00 a 17.00 horas, dirixidas por Donvina e o martes os de bolillos, a cargo de Milagros, de 16.00 a 18.00 horas. A primeira é na caseta da Carballeira e a segunda na biblioteca.

Ademais, o mércores contan con piscina e acuagym, de 21.30 a 22.15 horas, a cargo de Miguel na piscina da Pastoriza, e os xoves de 22.00 a 23.00 horas no local da Carballeira hai pilates. Esta última con Rocío.

Os cursos xa empezaron pero aínda hai prazas, polo que para inscribirse hai que poñerse en contacto coa asociación nos teléfonos 633 378 590, 666 230 570 e 616 129 825. Tamén organizan os primeiros venres de cada mes un baile co acordeonista Carlos. Estes teñen lugar na caseta da Carballeira, en Mosteiro, de 17.00 a 18.00 horas. O prezo da entrada será de 3 euros por persoa e está aberto a toda a poboación que desexen pasar un rato ameno.



A Confederación limpa o leito do río Órrea

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico realizou os traballos de mantemento e conservación no leito do río da Órrea, nas inmediacións de Casanova.

As actuacións, cun orzamento inicial de 9000 euros, executáronse nun tramo 600 m de leito co propósito de retirar árbores caídas ou en risco de caída e adecuar da vexetación de ribeira co obxectivo de evi-

tar a formación tapones e manter a capacidade de desaugadoiro do leito. Estes traballos realizáronse a través da empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve a Confederación Hidrográfica fóra das zonas urbanas, nas que os labores de conservación e mantemento de leitos son competencia dos concellos.

Instalarán 27 contedores marróns para a recollida de biorresiduos

O Concello de Riotorto anunciou que colocará proximamente 27 contedores marróns para potenciar a recollida selectiva dos biorresiduos, no marco dun proxecto que leva a cabo en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next-Generation.

De forma previa á colocación dos contedores, realizouse unha campaña informativa mediante un posto itinerante por diferentes localizacións do termo municipal, atendido por monitores ambientais especialistas na materia, que informaron á veciñanza sobre o uso axeitado do denominado quinto contedor.

Este contedor estase a implantar en varios concellos da provincia. Os residuos que deben depositarse neste novo recipiente de fracción orgánica son restos de froita e verdura, restos de carne e peixe, cascas de ovo, de marisco e de froitos secos.

A Festa da Filloa de Muimenta gaña o premio á excelencia turística

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu no Día Mundial do Turismo o acto de entrega da cuarta edición dos premios á excelencia do turismo e a gastronomía da provincia, que se celebrou na praza de San Marcos. Un galardón que este ano recoñece á Festa da Filloa de Muimenta, en Cospeito, polo seu traballo a favor da posta en valor deste produto gastronómico galego durante máis de trinta anos, porque “poucas cousas hai máis galegas que as filloas, esa sobremesa que para uns se remonta a tempos dos romanos e para outros sería mesmo anterior”, indicou García Porto.

A Deputada felicitou ás persoas organizadoras da cita, á asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta, e agradeceulle que “convertesen este ano o acto de entrega deste premio nun auténtico agasallo para todos os veciños e veciñas de Lugo”, que puideron degustar na praza de San Marcos este manxar



recén feito, facendo referencia a que as filloeiras Ana e Dosinda estiveron cociñando ao longo desa mañá diante da sede da Deputación.

“A elaboración das filloas ten sido historicamente unha tarefa feminina, ligada a eses roles que confinaban ás mulleres á casa e á cociña. Hoxe, nunha sociedade que non permite nin un retroceso no camiño da igualdade, a Festa da Filloa de Muimenta é tamén un xeito de reivindicar o papel fundamental das mulleres no rural, da súa aportación inmensa, imprescindible, á nosa cultura e á nosa gastronomía”, enzalzou a deputada

O colectivo organizador da Festa da Filloa recibiu na persoa do seu coordinador, José Manuel Rus, un diploma e unha peza de cerámica de Gundivós, que acreditan o recoñecemento realizado dende o Consello Provincial de Turismo, un órgano consultivo e de participación para favorecer a gobernanza turística da provincia que foi promovido e está presidido pola Deputación de Lugo. No acto tamén estiveron presentes membros do Consello Provincial de Turismo, conformado por entidades vinculadas a este sector e representantes dos tres grupos políticos con representación na Corporación.

riotorto

O BNG denuncia que os usuarios da axuda no fogar terán que pagar o dobre o ano que vén

A partir do ano que vén, as persoas usuarias do Servizo Axuda no Fogar (SAF) de Riotorto pagarán o dobre. O goberno municipal modificou a ordenanza que regula o servizo, dobrando as tarifas que terán que pagar usuarias e usuarios da modalidade de libre concorrencia.

Deste xeito, tendo en conta que o custo da hora é de 12 euros e de que as cotas varían en función da renda, quen paga 1,20 euros por hora, pagará 2,40 euros por hora; quen paga 2,40 euros por hora, pasará a pagar 4,80 euros por hora. A suba será menor para as persoas con maior renda e patrimonio, que pagan 4,80 euros por hora e pasarán a pagar 7,20 euros por hora.

O BNG “oponse frontalmente a unha suba de tarifas que, ademais de non respectar a progresividade, supón sobrecargar as persoas usuarias cun custo que debería asumir a Xunta de Galicia, á que corresponden as competencias en

servizos sociais”.

O BNG de Riotorto defendeu sempre a gratuidade do Servizo de Axuda no Fogar. O goberno do nacionalista Federico Gutiérrez Estoa “loitou no ámbito político e institucional contra as políticas do Partido Popular na Xunta de Galicia, que en 2012, retirou aos concellos de menos de 20.000 habitantes os fondos para este servizo e en 2013 impuxo o pago das persoas usuarias a través dun decreto”.

Cando o PP chegou ao Concello de Riotorto aprobou a ordenanza vixente, “á que hora dan unha volta máis, duplicando as tarifas. O que debería facer o Goberno municipal é esixir á Xunta de Galicia que asigne aos concellos financiamento suficiente para custear o servizo e que axilice a tramitación da lei de dependencia xa que o retraso no recoñecemento da dependencia está derivando as persoas que precisan asistencia ao SAF básico”.

Chega o magosto Cal da Loba o 22 a Pino

A Asociación Recreativa Cultural de San Martiño de Pino volverá a celebrar este ano o Magosto Cal da Loba, que será o día 28.

Este magosto contará cun amplo programa de actividades que se iniciarán ás 10.30 horas e que comezarán cunha andaina dende a escola do Mato ata o castelo de Caldaloba coa vestimenta de época. Os participantes recibirán o título honorífico Constanza de Caldaloba. Esta distinción tamén será entregada á escritora Helena Villar Janeiro.

Ao finalizar, tralo saúdo dos organizadores encargárase da lectura do pregón a artista Luz Darriba. A continuación, terá lugar a entrega de premios e Suso Pena Regueiro será o encargado de facer unha introdución e dará paso ao recital poético.

Este ano haberá xantar medieval e non faltarán os xogos infantís da busca do tesouro.

O Pleno aproba a ordenanza de aproveitamento de dominio público e o plan antifraude

O Concello de Cospeito aprobou no último Pleno someterse a un plan antifraude, que foi apoiado pola oposición, que ten como obxectivo contribuir á transparencia na xestión dos fondos NexGeneration da Unión Europea e garantir un bo uso dos mesmos coa finalidade de loitar contra a corrupción.

Así mesmo aprobouse unha nova ordenanza de aproveitamento especial de dominio público municipal polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos. Esta nova ordenanza, que se está a aprobar tamén noutros concellos da provincia, como o de Rábade, implica un plus económico para as arcas municipais que no caso de Cospeito estímase en 90.000 euros. Pola súa banda, o PSOE votou a favor coa condición de que esta ordenanza non afectara a instalacións veciñais.

Ademais, houbo acordo da oposición tamén na aprobación dos festivais locais, que se establecen o 13 de febreiro e o 8 de setembro; no incremento retributivo dos traballadores municipais, que recolle a lei; no cambio de denominación das comisións de festas para que poidan acceder ás subvencións, e no expediente de investigación dun camiño.

Por outra banda, a maioría do PP respaldou a súa petición de modificación de créditos, ao que votou en contra o PSOE “xa que non se aclara para que se fai esa modificación, polo que votamos en contra”, explicou Daniel Irimia.

Tampouco apoiaron a conta xeral porque “no informe de intervención explícase claro que este Concello debe máis do que se recada, polo que non hai solvencia financeira a longo prazo, logo de saldos negativos recorrentes”.

Irimia engadiu que o Concello de Cospeito está sometido a un plan de axuste para poder pagar as débedas acumuladas a provedores “e seguimos a ter o mesmo problema”.

PREGUNTAS. Unha vez chegada a quenda de preguntas do PSOE, o ambiente no pleno crispouse entre Goberno e oposición. Os socialistas acusaron ao alcalde, Armando Castosa, de “perder as formas por completo, porque quere cambiar a dinámica da anterior lexislatura. Dase conta de que temos argumentos para rebaterlle e o único que lle queda é utilizar palabras despectivas para botarnos do Pleno”.

O PSOE preguntou sobre os mesmos temas que en ocasións anteriores, como a paralización do PXOM, as obras na Lagoa, os cargadores eléctricos ou a situación da Torre de Caldaloba, actuacións comprometidas polo Goberno local.

Así mesmo preguntouse por actuacións máis locais en parroquias como Vilapene, Momán ou Muimenta. Insistiu o PSOE na limpeza de rúas e tamén no polígono de Cospeito e recomendou a redacción dun plan de acción fronte aos asolagamentos que teñen lugar todos os anos.



RUTA. A Asociación Deportiva e Clube Biciclistas Galegos levou a cabo o 1 de outubro a segunda edición da ruta cicloturista da muller. Unha proba que busca potenciar o uso da bicicleta, o gusto polo deporte e a curiosidade por coñecer historias de mulleres con especial relevancia na contorna. Este ano, adicouse a ruta a Constanza de Castro como muller símbolo de resistencia.

CHAIREGOS
SERVIÇOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

A Invernada de Cine de Cabreiros arrancará o 21

A casa escola de Cabreiros volverá ser sede este outono da Invernada de Cine, que este ano chega á súa undécima edición con proxeccións durante os meses de outubro, novembro e decembro.

O programa contará con tres proxeccións e dúas actuacións que este ano comezarán o 21 de outubro con *Matria*. Será ás 18.30 horas. Película que narra a vida de Ramona, unha muller de corenta anos, que vive sumida nun contexto laboral e persoal tenso e impredecible. Un día crúzase con Xosé, un home con quen constrúe unha inusual amizade que lle permite pensar que, tal vez, exista algo novo polo que vivir. Sempre sacrificándose todo polo futuro da súa filla Estrella, verase empurrada a mirar cara adentro e a pensar que, tal vez, exista algo novo polo que vivir. Continuarán o 4 de novembro, á mesma hora, co documental *Segadores da Órrea en terras de Castela*. Este documental é un feito histórico, social, antropolóxico e cultural narrado por 31 homes e mulleres que o viviron en primeira persoa. Conta, tamén, coa participación de varios segadores da Órrea residen-



tes en Meira.

A seguinte sesión, prevista para o 18 de novembro, será un concerto coa actuación de Xoán Goía.

O cine voltará o 2 de decembro coa película *Un franco, catorce pesetas*. O film sitúase na España de 1960 con dous amigos, Martín e Marco, que deciden marchar a Suíza na procura de traballo. Deixan ás súas familias e emprenden unha viaxe cara a unha nova vida na Europa do progreso e as liberdades na que deberán adaptarse cunha mentalidade máis aberta.

A Invernada chegará ao seu final o 16 de decembro cun espectáculo infantil a cargo de Pesdelán, que combina a música en vivo e o ensino de bailes e xogos sinxelos.

O Pleno acorda cambiar o festivo local para o 12 de agosto

A Corporación xermadesa celebrou sesión ordinaria do Pleno na que se acordou novamente fixar os festivos locais para 2024, posto que o luns de Santa María será o 12 de agosto de 2024 e non o día 5, tal como se acordara na sesión ordinaria celebrada o 20 de xullo de 2023, antes de constituírse a comisión de festas.

Por outra banda, acordouse conce-

der unha bonificación do 95% do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras á Sociedade Agraria de Transformación Cavadas, para as obras de ampliación de vacún de leite en As Cavadas.

Deuse conta do Plan de acción elaborado pola Presidencia para dar resposta ás eivas detectadas pola Intervención no informe-resume de control financeiro do exercicio 2022.



VIVENDA PÚBLICA. A Xunta de Galicia entregou unha vivenda de promoción pública no concello de Xermade. Ten unha superficie de 90 metros cadrados e dispón de tres dormitorios, praza de garaxe e rocho. A persoa adxudicataria accede ao inmovible en réxime de alugueiro.

En setembro de 2024 estará lista a rehabilitación da Reitoral

O goberno municipal de Xermade mantivo unha reunión coa arquitecta local Luz Paz Agravas, da Universidade da Coruña, que forma parte do equipo redactor do proxecto de rehabilitación da Reitoral de Xermade. O obxectivo da xuntanza era dar a coñecer o estado de elaboración do proxecto de execución desta obra, que resultou beneficiaria dunha axuda por importe de 403.000,00 euros por parte do Instituto de Transición Xusta do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico. Na reunión estiveron presentes tamén a secretaria-interventora e a técnica de urbanismo do Concello de Xermade.

Segundo o calendario previsto na addenda ao convenio asinado entre



o Concello de Xermade e a Universidade da Coruña no 2023, o proxecto de execución debe estar ultimado o 31 de outubro de 2023, a fin de que a obra poda licitarse e estar adxudicada en febreiro de 2024, dado que

o prazo de execución das obras estímase en 14 meses. O goberno municipal agarda que as obras estean rematadas no 2026, coincidindo co XXV aniversario do Encontro Internacional de Torneiros da Madeira.

O PP pide que se realice un desbroce ordenado das pistas

O Grupo Municipal do PP de Xermade pediu ao goberno local un cronograma para realizar os desbroces das pistas municipais de "xeito ordenado e eficiente" de forma que se garanta "un correcto mantemento de todas as parroquias" e se aproveiten os recursos públicos coma, por exemplo, o combustible dos tractores.

Os populares explican que "actualmente o Concello de Xermade realiza o desbroce nas marxes das vías municipais de forma anual", pero consideran que se trata "dunha frecuencia insuficiente, xa que na primavera e época estival a maleza acelera o seu crecemento e, nos lugares onde está sen rozar, pode dificultar a visibilidade dos condutores".

OS concelleiros do PP de Xermade



instaron ao goberno local socialista no Pleno a arranxar os danos no edificio da biblioteca municipal que alberga a casa-niño ante "o seu estado de abandono". Os populares sinalaron que incluso hai goteiras, ademais de presenza de hedras que reducen a entrada de luz e outros signos que deterioro.

O colectivo Amuraxe organiza varios cursos para esta tempada

A Asociación de Mulleres Rurais Amuraxe de Xermade inicia en outubro numerosos cursos dirixidos á veciñanza. Así, haberá, un curso de pilates, que se desenvolverá os xoves de 11.00 a 12.00 horas cun prezo de 20 euros ao mes, sendo o primeiro mes gratis para os socios.

Tamén se iniciará outro de manualidades, que será os venres de 20.30 a 10.00 horas no sindicato de Xermade e un curso de zumba os luns, de 19.45 a 20.30 horas, no polideportivo de Xermade. Ambos cursos terán

un prezo de 15 ou 20 euros ao mes dependendo do número de alumnos.

Haberá, a maiores, descontos no balneario, tardes de lecer todos os xoves ás 16.00 horas e unha comida de magosto, aínda sen confirmar a data de celebración.

O día 21 de outubro haberá un campionato de tute ás 21.00 horas.

Todo aquel que queira asistir a estas actividades, ten que anotarse nos teléfonos de Vero (651 662 583) e Lola (659 511 942).

EN BREVE

CURSO. O Concello organiza un curso de manipulador de alimentos para o venres 13 de outubro. Este taller terá unha duración de tres horas. Os participantes obterán a certificación obrigatoria segundo o regulamento europeo 852/2004. Impartirase en horario de 16.00 a 19.00 horas na sala de xuntas da biblioteca municipal por un técnico en Hixiene Alimentaria acreditado pola Consellería de Sanidade. Contará con prazas limitadas polo que cómpre facer previa inscrición, de luns a venres, no teléfono 982 818 935.

CAZÁS. A parroquia de Cazás estará de festas a fin de semana do 14 e 15 de outubro na honra á Divina Pastora. A xornada festiva dará comezo o sábado ás 13.00 horas coa misa solemne, procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Costa Dorada que, ademais será a encargada de amenizar a gran verbena das 22.30 horas xunto a D'Vicio. O domingo, a sesión relixiosa será á mesma hora, con misa e procesión; seguida dunha sesión vermú fin de festa, amenizada polo dúo Venus. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa.

ANDAINA. Xermade acollerá o domingo 15 de outubro unha andaina entre as localidades de Xermade e Cazás. A proba dará comezo ás 11.30 horas da praza da Concello e, tras percorrer 7 quilómetros, chegará á Capela da Divina Pastora. As persoas interesadas en participar poden anotarse no whatsapp 678 744 178 ou no correo educadora.familiar@xermade.org.

O Concello remata a obra de rehabilitación da Fonte da Troita

O Concello de Castro de Rei está a concluír os traballos de intervención na Fonte da Troita, no Lugar de Couto de Á, Parroquia de Ramil, un elemento arquitectónico cun valor moi singular, moi vinculado ao patrimonio inmaterial do Castro de Viladonga, que se atopa a pouca distancia da fonte.

Os traballos realizados consistiron na limpeza, restauración e consolidación das estruturas, tanto da fonte como do lavadoiro, asentamento e recolocación de pedras así como consolidación de recheo de ocós. Igualmente procederase á colocación dun letreiro no que se indica o nome da fonte.

Durante os traballos de limpeza e restauración apareceron diversos elementos singulares, como vidros, cerámica, porcelana, etc, sendo o máis destacado un anel de muller con unha pedra, que resulta moi singular e moi vinculado á lenda que existe en relación coa fonte, na que



se relata que unha princesa moura atopábase peiteando os seus cabelos preto da fonte, cando foi transformada en troita, polo que se quedou alí a vivir.

Por outra banda cómpre destacar que a fonte atópase situada nun emprazamento histórico, xa que está situada á beira da Vía Rexia do Norte, variante do Camiño Norte de Santiago que se desvía en San Tirso de Abres, para chegar ata a Cidade de Lugo e unirse ó Camiño Primitivo,

sendo un itinerario que está datado dende o ano 1249.

Dende o Concello queren destacar a importancia da recuperación dos elementos que forman parte do noso patrimonio histórico e que iniciamos xa hai anos coa recuperación da Fonte da Virxe, na Parroquia de Duancos e queren continuar, e a que se sumarán o Peto de Ánimas de Balmonte, a Cruz de Quintela en Orzón, e varias fontes do noso Concello que temos previsto recuperar.

Margarita Ledo recolleu o premio Luís Porteiro á promoción do galego



A profesora emérita da USC Margarita Ledo Andión converteuse na primeira muller en recibir o premio Luís Porteiro Garea á promoción e uso do galego na Universidade de Santiago de Compostela. Precisamente, baixo a “sobra protectora” de Porteiro Garea, quen o 16 de setembro de 1915 pronunciou a primeira lección en galego na Universidade de que se ten constancia, situou o seu discurso de agradecemento a profesora Ledo Andión. “Son innúmeros os vestixios, os sinais luminosos que dende estudante Porteiro Garea inscribe na intrahistoria da USC”, explicou Margarita Ledo para tamén lembrar a xénese do seu propio vínculo coa lingua. “Digo sempre que a lingua foi o modo-punky de me rebelar,

anos de estudante de xornalismo en Barcelona, 1969 en diante, co que tiña máis a man: escribir poemas, para facelo en galego”, dixo. Antonio López destacou que un premio que rende tributo á figura senlleira de Porteiro Garea é o mínimo que se pode facer para ser xustos coa promoción e defensa da lingua e cultura galegas e coas persoas que iniciaron ese mesmo camiño de defensa. O reitor vinculou o compromiso coa lingua e a cultura de Margarita Ledo co feito de que a Facultade de Ciencias da Comunicación posúa as máis altas porcentaxes de uso do galego na docencia. Estes datos son froito do traballo de moita xente e, na súa opinión, pola pegada da profesora Ledo na xénese do centro.

A Granxa Gayoso Castro celebrou o XV Curso de Xuíces Gandeiros

A granxa Gayoso Castro acolleu o XV Curso de Xuíces Gandeiros de Raza Rubia Galega, que desenvolveu a Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Gallega (Acruaga).

A décimo quinta edición do Curso de Xuíces Gandeiros de Raza Rubia Galega arrancou cunha introdución ao libro xenealóxico e coa explicación teórica e práctica sobre a cualificación lineal como método de selección de futuros reprodutores da raza. Os participantes adquiriron conceptos básicos para xulgar aos animais de aptitude cárnica formándose sobre o prototipo racial para poder valorar os exemplares.

A formación continuou con prácticas de valoración dos animais nas instalacións da granxa. Na última xornada, os alumnos puxeron en práctica os coñecementos adquiridos no Pazo de Feiras e Congresos a través dunha actividade de valoración morfolóxica dos animais que participa-



ron nos certames da Mostra Agro-gandeira A Rural, Expolugo, dentro das festas patronais do San Froilán.

CRÍTICAS A TOMÉ. O PP provincial afirma que “non permitirá que os gandeiros paguen a nefasta xestión de Tomé no centro de recría, onde quere aumentar as taxas un 40%”.

Na súa apertura, o presidente naquel intre, Darío Campos, cifraba en tres millóns de euros os beneficios anuais que xerará o centro “pero a

realidade é que dende a súa apertura sempre deu perdas”.

Antonio Ameijide lembra que o centro de recría foi o primeiro centro público destas características en España e foi financiado na súa totalidade con cartos públicos. Indica que agora, o presidente Tomé e os seus socios do BNG “propoñen unha suba brutal, de en torno ao 40% —dende a apertura do centro—, do custe por día que pretenden repercutir nos gandeiros”.

Duancos acolle o día 28 deste mes a V edición da Ruta Cabalar

A parroquia de Duancos, en Castro de Rei, acollerá o 28 de outubro a cuarta edición da Ruta Cabalar, que dará comezo ás 10.30 horas coa saída desde o Val dos Soños. Haberá almorzo antes da saída e parada con pinchos á metade do percorrido para repoñer forzas.

Esta actividade terá a súa conclusión ás 14.00 horas tamén no Val dos Soños, onde se fará un xantar. Para participar nesta comida non é necesario facer a ruta pero si estar anotado.

Tamén haberá sorteos, agasallos e música con Verónica Cambón.

Así, os interesados en sumarse á ruta e ao xantar deberán poñerse en contacto coa organización antes do 24 de outubro nos teléfonos 626 119 930 (Cristian) ou 610 284 175 (Zelai).

A organización lembra que esta ruta non é unha competición, é un paseo a cabalo polo que cada participante deberá responsabilizarse dos danos que poida ocasionar a súa montura.

O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982516550

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60
ALÉN

O Mitma adxudica a obra da glorieta da N-6



O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) adxudicou por importe de 400.000 euros (IVE incluído) as obras de mellora da seguridade viaria mediante a implantación dunha glorieta na intersección do km 513,670 da estrada N-6, no termo municipal de Outeiro de Rei, na provincia de Lugo.

A actuación proxectada consiste na transformación en glorieta da actual intersección en T da N-6 coa estrada autonómica LU-115, mellorando a súa funcionalidade ao resolver de forma máis adecuada os

importantes movementos de xiro existentes e a seguridade viaria, permitindo acougar a velocidade media do tráfico ao seu paso pola travesía de Outeiro de Rei e dispoñendo ademais de novos cruces peonís seguros nos tres accesos á glorieta.

Así mesmo, contéplase a reposición de itinerarios peonís, paradas de autobús, elementos de drenaxe, sinalización, iluminación e outros servizos que resulten afectados polas obras da glorieta.

Trátase dunha actuación moi demandada pola veciñanza.

Abre o prazo de inscrición das actividades de outono e inverno

O Concello de Outeiro de Rei abriu o prazo de inscrición para as actividades da tempada 2023-2024. Estas actividades estarán divididas en varios bloques, as culturais, deportivas, da OMIX, de Promoción da Muller e para maiores, seguindo a dinámica de edicións anteriores. No apartado de cultura e lecer ofértanse actividades de inglés, obradoiros, escola de maxia, robótica, teatro, bailes de salón (iniciación e perfeccionamento), viaxes, costura básica e creativa, manualidades, viaxe á ferverza de Ézaro e restauración de mobles.

Dentro da oficina de información xuvenil a oferta contén ximnasia rítmica, obradoiro de sexualidade, meconografía, escola de música (de Outeiro de Rei, Rábade, Begonte e Friol) e pádel.

No capítulo do deporte haberá fútbol sala, balonmán, taekwondo, ximnasia na auga, natación de adultos e infantil, baloncesto, tenis, tiro con arco, patinaxe, pilates, ioga, BTT, rutas de sendeirismo, escola de motociclismo, curso de condución de motociclismo e adestramentos libres kart/moto en circuíto, entre outros. Finalmente, no apartado de promo-

ción da muller haberá diferentes formacións con obradoiros para facer escabeche, arte floral, tecer fibra e produtos de limpeza ou mesmo tai-chí e control do estrés. Non faltará a celebración do día Internacional da Muller traballadora (8 de marzo) e o convocado contra a violencia de xénero (25 de novembro).

Así mesmo, están previstas outras celebracións festivas como a de Reis, Entroido e dos Nenos.

Para os maiores tamén haberá un grupo de actividades entre as que figuran ximnasia, obradoiros de risoterapia, memoria e coidado e excursións, á Feira de Bonito de Burela e á Feira de Mostras de Vegadeo.

Por ser o número de prazas limitado estas cubriranse por rigoroso orde de inscrición, tendo sempre preferencia as persoas empadroadas neste municipio con respecto ás de fóra. O prazo remata o 13 de outubro.

Ábrese tamén un apartado para os maiores, que terán as súas propias actividades con ximnasia para maiores, cursos de uso de smartphone, e excursións, como a Festa dos Maios e o taller de memoria.

As cotas aboaranse dentro do prazo



de inscrición; as persoas non empadroadas en Outeiro de Rei aboarán cotas a maiores da establecida: curso de 2 meses, 10 euros, cursos de 3 a 4 meses, 20 euros e de 5 meses en diante, 30 euros.

NUTRICIÓN. O martes 17 de outubro a casa da cultura acollerá a charla *É o mesmo alimentarse que nutrirse?* impartida polas dietistas-nutricionistas do Servizo Galego de Saúde Paula Roca Saavedra e Antía Pérez Vázquez. A charla terá unha duración aproximada de 90 minutos nos que haberá un tempo para que as persoas que o desexen poidan preguntar e resolver dúbidas.

O PSOE pregunta no Parlamento polo estado da traída

O PSOE presentou no Parlamento autonómico unha batería de preguntas sobre o proceder da Xunta acerca doutros abastecementos municipais, ademais do de Foz, con problemas de trihalometanos na auga. Neste sentido, o PSdeG afirma que nas últimas análises completas anuais realizadas polo Concello de Outeiro de Rei, do que é Tenente de Alcalde a Xefa Territorial da Consellería de Sanidade, os rexistros deste composto químico foron moi superiores aos permitidos nos anos 2021 e 2022. En concreto foron de 132 e 143, cando o parámetro permitido é de 100 microgramos por litro.

Preguntan os socialistas se ten constancia a Consellería de Sanidade doutros abastecementos municipais con estes problemas; nese caso, queren saber se a Xunta requiriu por escrito a eses concellos que informasen á poboación da recomendación de non inxesta da auga por eses valores altos como fixo con Foz, e concretamente, que se fixo no caso de Outeiro de Rei; tamén se a Consellería tomou entón algunha medida para garantir a saúde da veciñanza de Outeiro de Rei.

O Pleno rexeita a bonificación de paneis solares e as axudas pola turbidez da auga

No último Pleno de Outeiro de Rei, no cal se discutiron asuntos relevantes para a veciñanza do concello, como foi a solicitude do BNG de dotar de equipos de filtrado de auga cando esta non é apta para a súa utilización ou, mesmamente, a bonificación no IBI para as vivendas que instalen paneis solares fotovoltaicos de autoconsumo.

“Dende sempre, en canto caen catro gotas, a auga da traída municipal non é apta para a súa utilización nos fogares, dada a súa turbidez”, explicaron os nacionalistas.

“Hai que ter en conta que as taxas de enganche deste servizo en Outeiro ascenden a máis de 1.200 euros, ademais de ter uns prezos relativamente altos. Neste caso, as veciñas e veciños están a pagar uns cartos por un servizo que non se está a prestar. É unha fraude á veciñanza”, manifestou no Pleno a representación do BNG.

Na proposta pedíase que mentres durase esta situación debida á incapacidade do concello, se sub-

ministrasen ás vivendas equipos de filtrado para que nestas épocas de turbidez da auga, esta se poida utilizar para consumo. Esta medida sería simplemente paliativa e temporal, durando simplemente ata que sexan capaces de solucionar o problema. Dende a Alcaldía rexeitaron a proposta argumentando que a planta potabilizadora non se dera actualizado ao ritmo de crecemento da poboación do concello. Dende o BNG tamén se propuxo que para o próximo ano se bonificase no IBI o 50% cando se instalen paneis solares fotovoltaicos de autoconsumo, ao igual que existen na maioría de concellos da nosa contorna.


“Para o BNG isto é fundamental se queremos axudar realmente reducir a nosa pegada medioambiental e avanzar na loita contra o cambio climático. O alcalde rexeitou implantar esta bonificación, “facendo que Outeiro se converta nun dos poucos concellos que non vai ter exencións deste tipo”.

Convocadas as axudas para material escolar

Outeiro de Rei vén de convocar un ano máis as axudas á escolarización, dirixidas concretamente á compra de material escolar para o curso que empeza e sempre que realicen formación obrigatoria. O prazo rematará o 23 de outubro

Os gastos de escolarización subvencionables serán os seguintes: cadernos de exercicios, bolígrafos, lapis ou demais material gráfico; bolsas, mochilas e outros elementos de transporte de material escolar; dicionarios; atlas; libros; libretas; e outros materiais directamente relacionados co desenvolvemento de actividades formativas escolares.

O Concello destina a este fin 10.000 euros do seu orzamento e recibirán antes do Nadal a subvención todos aqueles que cumpran os requisitos. Para poder obter a estas axudas é necesario estar empadroados no Concello de Outeiro de Rei e cursar estudos de Educación Infantil de 2º ciclo, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, bacharelato, formación profesional de grado medio, ensinanza profesional de artes plásticas e deseño de grado medio,



e as ensinanzas deportivas de grao medio.

As axudas determinarase en función da renda e non poderán superar os 350 euros agás para os beneficiarios cursen estudos de bacharelato, formación profesional de grado medio, ensinanza profesional de artes plásticas e deseño de grado medio, e as ensinanzas deportivas de grao medio, para os que a contía máxima xustificable será de 400 euros.

Os interesados poderán presentalas nas oficinas municipais, en días laborables e horarios de 9 a 15 horas.

DEPUTACIÓN

O Pleno acorda pedir á Xunta que cubra a xubilación de médicos

A Deputación de Lugo esixirá á Xunta de Galicia que garanta a atención sanitaria dos veciños e as veciñas da provincia ante a xubilación inminente de máis de 20 médicos que prestan servizo nos centros de saúde dos concellos de Láncara, Sober, Pantón, O Páramo, Guitiriz, Castro de Rei, Samos, Monterroso, Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, O Incio, Portomarín, Antas de Ulla, A Pontenova e Begonte. Así se acordou no Pleno provincial tras unha proposta do grupo socialista, que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e cos votos en contra do PP. Unha sesión á que asistiron Alcaldes, concelleiros e concelleiras das localidades afectadas.

A voceira socialista, Pilar García Porto, sinalou durante a súa intervención que segundo os datos da propia Consellería, o 24,5% dos médicos colexiados teñen 65 anos ou máis, e outro 26% sitúase na franxa dos 55-64 anos. “Como lle pasa aos malos alumnos, o inicio do curso pilla á Xunta con materias suspensas, deberes pendentes e sen metodoloxía de traballo para o novo curso político. A situación da sanidade pública na provincia é, por desgracia, un exemplo de como a mala xestión do Sergas a pagan os lucenses e as lucenses co deterioro dos servizos públicos”, lamentou.

A Corporación provincial demandará tamén á Xunta que se restitúan os cadros de persoal previstos para cada centro de saúde, recuperando as prazas que foron desaparecendo por mor das políticas de recortes do Partido Popular; que estableza



modelos de carreira profesional que aseguren a carga de traballo axeitada aos profesionais, eliminando os cupos excesivos de doentes, a non cobertura de baixas ou vacacións, e a temporalidade.

CANON EÓLICO. A institución provincial reclamará tamén á Administración autonómica que modifique o modelo de tributación do canon eólico, pasando a fixalo por potencia en lugar de por muíño; que defina a participación dos concellos costeiros nos beneficios da eólica mariña; e que estableza que a recadación íntegra do actual canon eólico e do futuro canon da eólica mariña se destine a melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos parques. Así o aprobou o Pleno, tras outra proposta do grupo socialista que saíu adiante cos votos favorables do PSdeG e do BNG, e do voto en contra do PP.

“Os concellos acollen o impacto das obras e neles aséntanse as infraestruturas que fan posible o aproveitamento das enerxías limpas”, explicou García Porto, ao tempo que denun-

ciou que precisamente as entidades locais “seguen a ser as grandes esquecidas no desenvolvemento do sector”, recibindo “un mal pago da Xunta”.

A Voceira socialista recalcou que segundo os datos do Consello Económico e Social, o Goberno galego recada de media uns 22M€ anuais polo concepto do canon eólico; e que no ano 2021 puxo a disposición dos concellos 6M€, apenas un 27% do recadado; “no caso dos concellos da provincia, a cantidade percibida apenas é de 2,6M€, un 11% da recadación total da Xunta”.

PLAN DE RECUPERACIÓN. Na sesión plenaria acordouse por unanimidade a adhesión da Deputación ao servizo de asistencia técnica e dinamización para a participación e xestión dos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia por parte de Tragsatec –a empresa pública de Tecnoloxías e Servizos Agrarios que forma parte do grupo Tragsa-, un asesoramento do que poderán beneficiarse os concellos da provincia.

Pedirá fondos europeos para un plan turístico para augas de interior

A Xunta de Goberno aprobou adherir á Deputación a unha agrupación de entidades de diversos puntos do país para solicitar conxuntamente un millón de euros de fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia impulsado polo goberno de España para impulsar novas experiencias turísticas arredor das augas de interior. Así o anunciou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen subliñou que con esta decisión “buscamos fortalecer a estratexia que vimos levando a cabo para potenciar o sector turístico como un dos motores económicos da nosa provincia, cunha importante capacidade para dinamizar especialmente o rural, a través dun modelo sostible, de calidade, de experiencias, que coida o patrimonio e que deixa un alto valor no territorio, en termos económicos e de emprego”.

A agrupación a través da que a Deputación de Lugo solicitará estes fondos europeos, enmarcados no

programa Experiencias Turismo de España, está impulsada pola Deputación de Cáceres e conta coa institución provincial de Badaxoz; a Asociación Turística Terras de Iranzo-Ko-Lurra de Navarra; a Mancomunidade Valle Norte de Lozoya de Madrid; a Asociación para o Desenvolvemento Integral da Serra Oeste de Madrid; e a Federación Nacional de Asociacións e Municipios con Centrais Hidroeléctricas e Embalses.

O proxecto inclúe diferentes actuacións, como a creación dunha Rede Española de Ecoexperiencia en Destinos de Auga de Interior; a elaboración de manuais, plans de comunicación e *marketing*, e de guías turísticas sobre estes destinos; a celebración de encontros e intercambios para analizar a situación e os potenciais destes recursos turísticos; e a creación dunha páxina web e unha aplicación para promocionar os destinos a través das novas tecnoloxías.



Unhas 1.230 persoas participarán no Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo botou a andar a segunda quenda de viaxes da terceira edición do programa Coñece a túa provincia. Faranse excursións gratuítas dun día os martes, mércores e venres, nas que participarán máis 1.230 persoas de 55 entidades da provincia ata o 7 de novembro.

O Coñece a túa provincia vai xa pola súa terceira edición, dividida en dúas quendas. A primeira desenvolveuse durante a primavera, entre os meses de marzo e xuño, e contou con 1.800 viaxeiros de 90 asociacións. Agora arranca a segunda,

que se prolonga ata principios de novembro, e están anotadas máis de 1.230 persoas de 55 entidades. A Deputación continúa con este programa gratuito ante o enorme éxito que obtivo, pois ata o momento xa desfrutaron destas viaxes un total de 6.800 persoas de 310 colectivos da provincia de Lugo. A iniciativa está dirixida a asociacións e colectivos sen ánimo de lucro de toda a provincia e consiste en viaxes gratuítas, en pequenos grupos, dunha xornada de duración por diferentes puntos da xeografía lucense seguindo diversas rutas

polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico. O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Estas visitas realízanse profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.

Tomé, reelixido presidente do Consorcio de Bombeiros de Lugo

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi reelixido por unanimidade presidente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento nunha sesión extraordinaria do Pleno da entidade, celebrada na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos.

Neste pleno tamén tomaron posesión a deputada Pilar García Porto e o vicepresidente, Efrén Castro Caloto, en representación da institución provincial. Ademais, formarán parte do Consorcio aqueles concellos da provincia que contan con parques de bombeiros. Asistiron polo Concello

de Barreiros o tenente de alcaldesa, Antonio Veiga; o primeiro tenente de alcaldesa de Viveiro, Jesús Fernández; a rexedora de Vilalba, Elba Veleiro; e o rexedor de Chantada, Manuel Varela.

Pola súa parte, continúan os representantes da Xunta, como vicepresidente do Consorcio o Director Xeral de Emerxencia e Interior, Santiago Villanueva, e como membros o Delegado Territorial da Xunta, Javier Arias, e o subdirector de Seguridade e Coordinación, Andrés Iglesias. Tamén se acordou a modificación do Orzamento de 1.058.852€ para a adquisición dun vehículo de altura.

TERRA CHÁ

O GDR Comarca de Lugo coordina un proxecto Europeo Erasmus



O GDR 4 – ADR Comarca de Lugo foi seleccionado para levar a cabo outro novo proxecto Erasmus+ denominado Land of Opportunities. A convocatoria estatal do programa KA220 en cuestión, á cal se presentaron 247 solicitudes, foron seleccionados tan só 16 proxectos, un dos cales sería este proxecto de Land of Opportunities.

Devandito proxecto promove actividades para a consecución de varios obxectivos, por unha banda fomentar o desenvolvemento rural sostible mediante a formación de persoas en habilidades dixitais e empresariais; reducir o despoboamento das zonas rurais; mellorar a calidade de vida da poboación rural; fomentar a igualdade de oportunidades; promover a integración das TIC no mundo rural, e proporcionar asesoramento e capacitación técnica.

Os socios da ADR Comarca de Lugo deste proxecto en cuestión son Union Of Bulgarian Black Sexa

Local Authorities (Bulgaria), Educational Association,z.s (República Checa), Bia Innovator Campus CLG (Irlanda), Instituto Pedro Nunes Asociacao Para A Inovacao E Desenvolvemento Em Ciencia E Tecnologia (Portugal) e Asociación Cultural Inglaterra (España).

Este grupo de traballo propón realizar actividades que, a través de metodoloxías innovadoras como Design Thinking e Social Hackathon, leven á organización de espazos de co-creación, seguidos de itinerarios formativos dirixidos ao público obxectivo do proxecto. Finalmente, crearemos unha webapp que será un market place onde emprendedores e residentes en zonas rurais atoparán a aspirantes emprendedores e residentes para publicar as súas ofertas/demandas.

Este é o segundo proxecto Erasmus+ que coordina a ADR Comarca de Lugo xa que actualmente tamén se está a levar a cabo o proxecto Rural Plus

Lugo en Pé, contra a praga da velutina

A plataforma Lugo en Pé... en Defensa do Rural afirma que continúan a recibir múltiples queixas relacionadas “coa inacción da Xunta de Galicia respecto a combater a praga da avespa velutina”. Indican que a velutina está a causar graves danos na viticultura, no sector frutícola e de forma especial á apicultura. “Pedimos que se coordinen os distintos departamentos da Xunta de Galicia. A retirada de niños corresponde a Emerxencias (Consellería de Presidencia). Os labores de prevención e combate da velutina son atribuíbles a Medio Rural. Ambos os departamentos pásanse a pelota mutuamente e non solucionan o problema”, acusan.

Subvencionarán o proxecto de reforma do Muíño do Pan no Cercud de Baamonde

A Asemblea do GDR Terra Chá aprobou unha axuda Leader ao proxecto non productivo Muíño do Pan de Baamonde. Rehabilitarase o muíño para convertilo nun Centro de Interpretación no que se dará a coñecer como se traballaba, que actividades se realizaban nel e incluso como vivía na pequena parte superior o muiñeiro.

Esta é a segunda vez que o Cercud presenta a súa solicitude do Plan Leader e xa que a primeira foi rexeitada abriu unha nova forma

A Deputación aglomera estradas en varios concellos da comarca

A Deputación mantén en marcha obras de aglomerado en vías que afectan a varios concellos da comarca.

XERMDE E AS PONTES. Aglomerou o último tramo da estrada LU-P-2204, que une o núcleo de Momán, en Xermade, coas Pontes, na provincia da Coruña. A actuación afecta ao treito que discorre entre os puntos quilométricos 8,340 e o 9,802, e completará o acondicionamento desta vía, quedando así renovada na súa totalidade.

A empresa encargada dos traballos, que teñen un orzamento para o total do proxecto de 300.000€, é Francisco Gómez y Cía, S.L. A vía xa foi ampliada ata os 7 metros de ancho, fixéronse os labores de drenaxe e afirmado, e agora están coa pavimentación. As obras rematarán coa sinalización neste treito de algo máis dun quilómetro e medio.

A actuación corresponde á fase final das obras de rehabilitación da estrada e súmanse ás que xa finalizou a institución provincial entre o quilómetro 7 e 8,340 cun orzamento de 281.120€ e ás xa acometidas dende o inicio da vía ata o quilómetro 7, cun investimento próximo ao millón de euros. Polo tanto, o investimento total destinado pola Deputación para mellorar esta vía suma 1,5 millóns.

CASTRO DE REI A COSPEITO. Iniciou as obras para a renovación do firme da estrada LU-P-1706, que une A Feira do Monte, en Cospeito, e Castro Ribeiras de Lea, cun investimento de 150.000€. Os traballos, iniciados en agosto, afectan a tres treitos diferen-



tes: do punto quilométrico 2,450 a 2,750; do 5,200 a 6,500; e do 7,300 a 8,600-. Unha vez acometida a limpeza de cunetas e drenaxe, esta semana lévase a cabo a pavimentación da calzada para rematar coa sinalización horizontal mediante o pintado de marcas reflexivas brancas.

A empresa adxudicataria é Ovisa Pavimentos y Obras SLU e o prazo de execución é de dous meses.

CASTRO DE REI-OUTEIRO DE REI. Por outra banda, a Xunta está a executar obras de reforzo do firme na estrada autonómica LU-115, que co-

necta os concellos de Outeiro de Rei e Castro de Rei. O orzamento da actuación é de 301.500 euros. Actuará nos 11,1 quilómetros de lonxitude da vía, con especial incidencia nos accesos a este parque empresarial e ao de Castro de Ribeiras de Lea, así como na travesía desta última localidade.

A obra consiste na execución de fresados localizados nas zonas deterioradas e a posterior reposición do pavimento con mestura bituminosa en quente a carril completo. A intervención completárase co repintado da sinalización horizontal.

Asociacións da zona reciben unha axuda para mellorar as súas infraestruturas

Na Xunta de Goberno da Deputación déuselle o visto bo ao último trámite administrativo para o pago de subvencións por un importe total de case 22.000 euros a cinco entidades asociativas da provincia que resultaron beneficiarias do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios.

En concreto, son as seguintes: a asociación Amigos da Feira de Castro de Rei, que recibirá 2.770€ para o acondicionamento do seu local; a asociación San Julián de Gaibor, de Guitiriz, que percibirá 6.000€ para

a mellora e adecuación do firme da pista de acceso ao Monte Veciñal en Man Común da parroquia; a Asociación Veciñal Irmandade Navega, de Navia de Suarna, que cobrará 1.045€ para a adquisición dun equipo de son; a Asociación dos Montes Veciñais en Man Común de Ribas Pequenas, de Bóveda, que recibirá 6.000€ para a mellora de vías públicas, do campo de fútbol e do campo da festa; e a Asociación do Monte Veciñal de Cumbraos, en Monterroso, beneficiaria de case 6.000€ para a mellora e adecuación dun camiño.

“Lugo sempre foi o lugar de paso e o punto de partida”

A científica Sonia Villapol é a pregoeira das Festas de San Froilán

Como recibiu a noticia de que foi escollida para ser pregoeira das festas de Lugo?

No mes de xullo estaba a presentar no Vello Cárcere, en Lugo, o meu libro de divulgación científica, *ConSciencia: a ciencia que nos rescatou da pandemia*, que me publicou Xerais. Acompañábame na presentación Marica Campo e Mario Outeiro, e ó remate a concelleira de Cultura, Maite Ferreiro achegouse a min e preguntoume que me parecía se me propoñía de pregoeira do San Froilán. A verdade é que non esperaba semellante proposta e coa emoción do momento respondílle que si de inmediato. Un par de meses despois alegroume moito que a proposta fose aprobada por unanimidade por todos os grupos no concello.

Ten unha gran vinculación coa cidade?

Sempre me sentín lucense, Lugo sempre formou parte da miña traxectoria vital. Aínda que non nacín nin nunca vivín en Lugo, sempre foi o lugar de paso e de punto de partida. Lugo foi o escenario de parte da miña crianza, e seguíu a ser un lugar de identidade e de parada obrigada a medida que pasaron os anos. De mocidade non me perdía un partido do Breogán, incluso formei parte do

equipo dos cadetes do Ensino, daquela o Xuncas. Meus pais teñen un piso na rúa Castela, e vir a Lugo era unha rutina familiar, a exposicións, de compras ou de paseo. Durante a etapa universitaria, en Lugo collín centos de veces o autobús cara Santiago e máis tarde o tren cara Barcelona. Cando me preguntan de onde son, sen dubidalo digo que lucense. Unha lucense da provincia, pero moi orgullosa de selo.

Malia traballar moi lonxe, segue a visitar continuamente Lugo e o seu lugar de nacemento?

Si, dende logo, como mínimo unha vez ó ano. Non o fago só por necesidade persoal, volver a Lugo forma parte da educación que lle quero dar ás miñas fillas, que pasen tempo cos avós e que sintan que tamén son de aquí. Que se integren na cultura e que aprecien o comportamento da xente galega e se empapen de Galicia, da paisaxe, da comida ou da música. E xa o fan, falan galego e presumen de ter familia e amigas en Galicia.

Que lembranzas garda das festas e da súa evolución estes anos?

Ben, penso que para todos os cativos de Lugo e da provincia, a festa do San Froilán é un dos eventos máis emocionantes do ano. De cativos des-

frutábase ben das atraccións, sen dúbida con moita ilusión e os niveis de adrenalina polas nubes. Tamén os concertos, ver tanta xente xunta e a emoción do que tocaba nas barracas. De maior puiden vir menos ó San Froilán, pero tamén teño feito coincidir algún ano as vacacións nestas datas para vir coa familia.

Como é a vida en Houston? Bota de menos Galicia?

A vida en Houston é satisfactoria. Sempre me reconforta que traballando podes ter recompensas, e aquí a verdade é que tiveron a sorte que me pasa iso. Dirixir un laboratorio no centro de investigación biomédica meirande do mundo, para unha lucense da provincia, é realmente un soño cumprido. Logo a vida é como te organices, existen moitas actividades culturais e Texas é un estado con moitos parques naturais, a praia a 40 minutos e museos e deportes de todo tipo, ata temos a NASA onde se organizan un montón de actividades.

Como se combinan os dous mundos?

É algo que forma parte do xenoma do emigrante, vivir aquí pero estar co pensamento sempre en Galicia. Sen dúbida non son a única que me



pasa, penso que todas as galegas e galegos que estamos fóra. Sempre estamos ó tanto de todas as novas de Galicia, do que pasa e deixa de pasar, aínda que cando regresamos nos contan as cousas como se non fosemos de Lugo.

Ten tamén un gran número de proxectos con estudantes que a vinculan a Meira e a Pastoriza.

Para min manter ese vínculo é fundamental. Construír pontes entre Galicia e a diáspora galega é algo que levo facendo moitos anos. Sempre procurei estar en contacto coa comunidade galega en Barcelona, en París, en Washington e agora en Houston. Durante a pandemia din moitas charlas en colexios e institutos, tamén para asociacións. Antes da pandemia tamén, pero a outro ritmo. No meu laboratorio seguimos a facer investigación relacionada coa Covid e estiven moi involucrada na divulgación científica, e toda esta información quedou recollida

no libro de *ConSciencia*. Intentar inspirar á xente nova é moi estimulante porque sei que no que poida dicirles pode ter un impacto importante nas súas vidas, e isto acontece máis durante a etapa xuvenil. Polo menos a min pasoume que calquera tipo de consello, inspiración ou motivación que tiver de nova, dirixiu o temón da miña carreira. Lémbrome dunha frase que me dixo Margarita Salas e que me axudou a decidir cal sería a disciplina do meu doutoramento. Fai dous anos, no meu instituto de Meira onde eu fixen BUP e COU, puxéronlle o meu nome ó laboratorio de bioloxía e xeoloxía, cousa que me fixo moita ilusión. Quixen devolverlles este agasallo creando un programa de mentorado “Latexos pola Ciencia” que agardo que se estenda a outros centros educativos de toda Galicia. A idea é asesoralos na carreira investigadora e nas súas distintas etapas para a rapazada que teña inquietudes científicas.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSEPITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

DEPORTES

A RFEF rende homenaxe a adestradores locais

O auditorio Emilia Pardo Bazán de Sanxenxo vestiu as súas mellores galas para albergar a festa do Día do Adestrador, un evento organizado polo Comité Galego de Adestradores da RFGF. Foi unha xornada de fortes emocións, repleta de momentos para o recordo, un acto no que a formación, a lembranza cara aos que por desgraza xa non están entre nós e o recoñecemento por parte do fútbol galego aos nosos técnicos déronse a man no paraíso das Rías Baixas. A xornada, moi emotiva, concluíu coa entrega da Medalla de Prata da RFGF a Jonatan Giráldez, o técnico vigués do equipo feminino do FC Barcelona campión de Europa. O Comité Galego de Adestradores da RFGF tamén quixo render a súa humilde homenaxe aos que xa non están entre nós. Foi un ano especialmente duro para o fútbol galego, debido a que neste 2023 deixáronnos gran parte das nosas lendas.

Así, a RFGF quixo, desta maneira, lembrarse e render tributo ás figuras de Arsenio Iglesias, Luís Suárez, Amancio Amaro e ao xornalista Pepe Domingo Castañó durante a celebración desta nova edición do "Día do Adestrador".

Un dos momentos máis emotivos e especiais chegou coa entrega de re-

coñecementos aos adestradores/as destacados/as que imparten maxisterio no fútbol galego.

O Comité Galego de Adestradores da RFGF que dirixe Iván Cancela quixo así, outro ano máis, recoñecer aos técnicos máis destacados da pasada campaña.

Entre eles destacan varios da provincia de Lugo. En fútbol campo destacou a figura de Fernando Corredoira, do EF Polvorín, como Adestrador destacado da Delegación de Lugo; Rafa Casanova, do CD Castro, como o máis destacado de Primeira Galicia; Brais Prado, da Sarriana, en Preferente, e Simón Lamas do Vilalbés, en Terceira Federación.

En fútbol sala, o máis destacado da Delegación de Lugo foi Manuel Martínez, Maradona, adestrador no Concello de Guitiriz e no Lugo Sala. Tamén se recoñeceu a Christian Costoya, do Rábade FS, en Preferente Norte; Iván Cao, do Xove, en Terceira División; Dani Díaz, do Lugo Sala, en 2ªB; José Carlos Martín, Chipi, do FSF Castro na Segunda División Feminina; Julio Delgado, do Burela, na masculina. Finalmente, tamén se recompensou o labor de Benigno García, seleccionador benxamín, equipo que foi campión de España.

O Vilalbés mantense na parte alta da táboa logo de seis xornadas

O debut histórico do Vilalbés non podería ir mellor. Tras seis xornadas disputadas, o equipo chairego ocupa unha cómoda e moi meritoria oitava praza na clasificación logo de dúas vitorias, tres empates e unha derrota. Continúa así o equipo de Simón Lamas unha progresión importante de cara a manterse nesta categoría na que militan por primeira vez na súa historia.

De feito durante as primeiras cinco xornadas non fixo máis que sumar puntos e a derrota chegou coa sexta, coincidindo cun momento difícil para o club tralo falecemento de Manuel Lamas, pai do adestrador e delegado do mesmo.

AS PONTES FEMININO. O Club Deportivo As Pontes fixo a presentación oficial dos equipos femininos da entidade.

Por unha banda, o club conta cun conxunto alevín feminino promesas fútbol 8, dirixido por Carlota Pena e Noelia Ameneiro. Un equipo de pequenas guerreiras que representa unha brillante esperanza no futuro do fútbol feminino do club.

Por outra, o conxunto feminino sénior, dirixido por Fran Cascudo e Álex Montero, retoma a competición este ano en fútbol11 para continuar a ser



unha referencia no fútbol feminino comarcal, no que foi pioneiro no seu momento.

Foi un acto no que o presidente, Xaime Castro, amosou a súa lelicia por contemplar "un nutrido grupo de rapazas cheas de ilusión e ganas de representar a un club que apostou pola súa plena integración dende o primeiro momento".

Acompañaron ao presidente a concelleira de deportes Elena López e a concelleira de igualdade Tania Pardo, que manifestaron o compromiso do Concello das Pontes co deporte feminino en xeral e co fútbol en particular.

ANIVERSARIO DO PM FRIOL. O PM Friol fixo historia ao disputar o seu partido número 500 e fíxoo como non podería ser doutro xeito con

vitoria ante outro clásico do fútbol feminino, O Gijón FF.

O equipo local está este ano en Terceira Federación, trala nova reestruturación de categorías realizada este verán e os partidos disputados foron realizados nas categorías galegas e Nacionais, xa que estivo tamén na Primeira Nacional, un fito histórico para un equipo dunha localidade rural.

Durante a festa celebrada ao finalizar o partido, xogadoras de hoxe, familiares, amigos e afeccionados celebraron xuntos a ocasións recibindo tamén na Reigosa a antigas xogadoras e tamén aos seus familiares.

Baixo un sol de xustiza tomáronse uns callos para conmemorar o evento e celebrar unha nova vitoria para o equipo, que volverá loitar polo ascenso que perdeu o ano pasado.



Hugo Iglesias gañou o Volante da Deputación

O lucense Hugo Iglesias foi o vencedor do premio Volante Deputación, que se disputou en setembro no circuito da Pastoriza e no que se puxo en xogo unha praza para competir na vindeiro Rally San Froilán.

O lucense, que recibiu o premio da man do deputado Daniel García, foi o máis rápido na proba final (1.56.803), por diante de José Rodríguez (1.59.816), Adrián Fernández (2.02.273), que completaron o podio tras dúas xornadas de intensa

actividade no circuito pastoricense. Bruno Martínez foi o cuarto finalista. As persoas participantes na proba, organizada por PTC Escuela co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, recibiron formación en condución deportiva e tiveron a oportunidade de iniciarse na competición automobilística coas probas cronometradas que se realizaron durante a fin de semana. O gañador participará no Rally San Froilán, aos mandos dun Toyota Yaris.

Xermade convoca a súa carreira popular anual para o día 21

O sábado 21 de outubro terá lugar a XII Carreira Popular organizada polo Concello de Xermade a partir das 17.00 horas, con saída da praza do Concello e discorrerá por un circuito de 3.250 metros.

A proba estará aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. O novo circuito constará de 6,5 quilómetros e será sobre asfalto. Haberá diferentes categorías atendendo á idade. Comezarán ás 17.00 cos máis pequenos, os pitufos, cun percorrido de 150 metros ata a xuvenil, que ten hora de saída ás 17.45 e percorrerán 6,5 quilómetros como os adultos, que iniciarán a carreira á vez. Entre ambas categorías haberá catro máis con diferentes percorridos.

O prazo de inscrición, que xa está aberto, pode facerse na web



www.carreirasgalegas.com antes do xoves 17 de outubro as 23.59h. Todos os participantes recibirán un agasallo conmemorativo. Nas categorías de pitufos e promoción haberá medallas para todos os participantes. Non haberá

trofeos para estas categorías nin se farán clasificacións.

Nas categorías dende sub-10 ata máster C hai trofeo para os tres primeiros de cada unha. Tamén haberá premio para os tres primeiros clasificados da xeral e ao primeiro home e muller de Xermade. A entrega de premios será na praza do Concello e comezará, sobre as 18.50 horas.

Os participantes contarán con aparcadoiro gratuito, camiseta para adultos, baños na zona de saída-chegada, recollida de dorsais e imperdibéis, vestiarios e duchas no pavillón municipal, roupeiro custodiado por voluntarios da organización, avituallamento ao final de cada carreira e ambulancia con médico.

Ademais, haberá inchables para os nenos e nenas participantes na carreira.

“No 2024 recuperaremos a data de abril para facer a ruta”

José Carreira Seoane é o novo presidente do Club Ciclista Terra Chá

O Concello de Vilalba, Xermade e Muras acolleron a primeira fin de semana de outubro a Ruta BTT do Club Ciclista Terra Chá, unha cita que normalmente se celebra coincidindo coa Feira do Queixo de Vilalba pero que nesta ocasión non se puido facer por un tema de prazos e permisos. Non dispostos a deixar pasar a data, decidiron retrasar a súa celebración ata o mes de outubro e aproveitar tamén para festexar os dez anos de vida do club.

Falamos co novo presidente da entidade, José Carreira Seoane, que levaba cinco anos como socio e este ano nombráronno presidente.

Como foi esta edición noutra data e por outro motivo?

Pois estamos satisfeitos xa que conseguimos reunir a moita xente, non toda a esperada pero ao final xuntámonos 180 persoas e iso que tivemos que abrir o prazo de novo porque a xente espera ata o último momento e chamábanos para apuntarse. Tivemos un susto cun dos participantes, que chocou cun xabarín, tivo que ser evacuado ao hospital e quedou pendente de operar. Foi algo alleo á organización pero tiñamos un vehículo especial para rescate en zonas sen asfaltar e veunos moi ben xa que puidemos atendelo perfectamente e moi rápido.

Por que se cambiou a data?

Principalmente cambiouse por un tema de permisos. Contabamos facer a ruta en abril coma sempre, pero co cambio de directiva non chegamos a tempo. Hai que pedir permisos a tres concellos Vilalba, Muras, Xermade, ademais de varios na Xunta, en Presidencia, Medio Rural... e por exemplo en Presidencia hai que facer a petición con 90 días aptos para tramitar o permiso, e ao intentar facer todo en febreiro a abril xa non chegamos. Como non queríamos deixalo pasar intentamos meter unha no verán pero é mal momento polas vacacións e a calor, en setembro estaba o San Ramón e había outras rutas programadas polo que ao final escollimos esta data.

Celebrouse logo o aniversario do club. Como se fundou?

Pois si, o club cumpriu 10 anos no mes de maio. Empezaron, xa que eu non estaba daquela, máis ou menos unhas dez persoas, un grupo de amigos que saían en bici e decidiron xuntarse a fundar un club pero sen ánimo competitivo. No segundo e terceiro ano de vida houbo un boom e despois xa seguimos crescendo de forma máis pausada ata o día de hoxe. O ano pasado eramos sobre os 94 e esperamos rematar este ano superando a barreira dos cen.

Que se necesita para facerse socio?

Pois sabendo que temos socios que non teñen nin bicicleta... (risas). Poden ser socios maiores de idade pagando 50 euros o primeiro ano e 30 desde o segundo ano, e tamén os menores, que non pagan. Simplemente hai que ser afeccionado á bicicleta, sexa do tipo que sexa, estrada, monte, velocidade..., ter ganas de confraternizar e de facer rutas deixando a un lado a competición. Trátase de ser un club de confraternización, de unión.

Canta xente participa regularmente nas actividades que organizan?

Os máis activos que participan son ao redor de 60 persoas, que son os habituais pero aumentamos o número dependendo das datas das actividades.

Cantas actividades e cales fan ao ano?

Fundamentalmente está a ruta oficial do Queixo San Simón, a que celebramos a primeira fin de semana de abril, normalmente o sábado, coincidindo coa feira do queixo. Aínda que como expliquei este ano non puido celebrarse nesa data adiantamos xa que no 2024 recuperamos a data orixinal porque xa están os permisos solicitados. Logo sempre se fai outra ruta en Muras, tipo quedada. Colaboramos moi ben con eles. Trátase



dun formato diferente de ruta, xa que é ata 50 persoas para non ter a obriga de ter permisos oficiais. Despois participamos en cantas rutas de pode, de montaña, de estradas... como fixemos na dos lagos de Covadonga, Catro Picos, 101 peregrinos, etc.

Que plans de futuro teñen?

Para facer cousas novas hai que esperar un pouco máis. Xa temos avanzando o dos permisos da ruta de abril pero temos que deixar pasar esta para mirar despois que proxectos novos temos e a súa viabilidade. Nun principio imos manter a ruta oficial e a quedada de Muras. Os cambios irán máis ben por tocar zonas novas, seguir traballando nesa liña. Tamén queremos seguir facendo ceas anuais e a ruta nocturna que coincide co San Ramón, trátase dunha proba moi faciliña que facemos de noite pero sen meternos en sitios complicados. Logo tomamos uns pechiscos e a xente disfruta moito por-

que soe ser unha noite calurosa. **É o ciclismo un deporte de moda? Segue crescendo o número de afeccionados?**

Desde logo é un deporte que non vai a menos. A venda de bicis durante a pandemia foi esaxeradísima. Loxicamente non se mantivo o nivel pero non para de crecer. Ademais, cada vez máis concellos teñen as súas propias rutas e vemos que sempre hai xente para participar nelas.

Que beneficios ten?

A práctica da bicicleta é moi boa por tres cousas, polo beneficio físico, o social e o psíquico. No primeiro caso non necesito dar moitas explicacións, no segundo é porque é un deporte co que é moi fácil facer amigos, ter unha vida social activa. Logo tamén está o beneficio psíquico, porque é magnífico para tratar os problemas de depresións ou ansiedade. É a solución ideal para liberar o estrés e despois poder descansar.



Nace no Aberto das Noces un novo equipo de billarda

Co VII Aberto das Noces, organizado polo equipo de Billarda Verde no campo da Veiga do Olmo de Castroverde, arrincou unha nova tempada de billarda da conferencias NorLeste, cun total de setenta palanadores de oito equipos diferentes (48 homes, 16 donas e 6 cativos).

Presentouse un novo equipo, Billarda Rio Miño composto por vellos coñecidos e compañeiros que volven á que sempre foi sua casa pola porta grande, con outro nome, mais coa mesma forza e ganas de sempre. Bo papel por equipos e, Cortón, *O Zorro*

Plateado, fíxose co primeiro posto cun pleno de 25 puntos.

O segundo e terceiro caixón foron para Charli de Carabullo con 23 puntos e para David Navallo de Troitas Bravas con 22, si ben este tivo que desfacerse de Basilio de Billardeiros Musicais nun reñido desempate.

Por equipos, o primeiro golpe dano os Billardeiros Musicais de Ribadeo por diante de Troitas Bravas da Pontenova e Madia Leva de Lugo.

Os mariñáns, coa volta de Markytos, son serios aspirantes ao título e cantan cun equipo feminino moi forte.

A vilalbesa Julia Cabarcos representará a España no mundial de culturismo

A deportista vilalbesa Julia Cabarcos vén de ser seleccionada en Madrid, xunto a outros 24 deportistas, para representar a España no Campionato do Mundo de Culturismo, que se celebrará entre o 1 e o 6 de novembro en Santa Susana, Barcelona.

Esta é a primeira vez que logra ser seleccionada xa que na anterior ocasión foi penalizada por estar demasiado forte.

A vilalbesa foi escollida entre outros 118 atletas que se presentaron á preselección. Os escollidos non representan a todas as categorías existentes na actualidade, senón só naquelas nas que hai posibilidades de obter medallas ou un lugar destacado no ránking. Julia Cabarcos, que competirá co dorsal 393, preséntase na categoría women's physique master.

Pero antes desta proba, ten outra



competición a mediados de mes, o Campionato Europeo.

Para Julia este é un momento importante da súa carreira “estou máis que feliz xa polo feito de poder estar aí representando a España, todo o que veña a maiores será unha alegría máis”, dixo.

EN BREVE

CUBA. O vilalbés José Cuba participou no Campionato do Mundo Sénior de loitas olímpica, onde tivo un mal arranque perdendo no primeiro combate ante o exipcio Kamal Gouda. Esta era a primeira proba clasificatoria para os Xogos Olímpicos de París 2024 e as 5 prazas que se xogaban vendéronse moi caras estando todas reservadas aos loitadores das principais potencias mundiais deste deporte. O deportista local retomarará a preparación para tentar acadar o soño olímpico.

SD POL. O pasado mes de agosto, o SD Pol tiña como obxectivo a posta en marcha dunha escola deportiva tras a creación do equipo xuvenil, e para iso, iniciáronse adestramentos de nenos nados entre os anos 2017 e 2012 e así poder crear equipos de categorías de base. O club xa conta cun equipo alevín e outro benxamín, os cales comezaron os adestramentos en horario de 18.00 a 19.30 horas. O primeiro será para nenos que naceran entre 2012 e 2013 e o outro para os de 2014 e 2015.

COLABORACIÓNS

As fake news invanden as nosas aulas

O PUPITRE



Julio Díaz

As fake news ou noticias falsas non son un invento da era dixital, desde tempos inmemoriais utilizouse con distintos fins a manipulación da información. O fenómeno da desinformación non é novo, pero as novas tecnoloxías da información, que inclúen as redes sociais e internet, potencian e acrecentan a súa forza. Se ben estas plataformas aportan grandes vantaxes e beneficios, tamén permiten una maior cantidade de información falsa e que a mesma se difunda e expanda a unha velocidade nunca antes vista.

Fronte a un problema de tal dimensión, que é o que pode facer a educación?, que podemos facer os docentes?, como podemos ensinar aos nosos alumnos a ser críticos coas noticias que lles chegan e coa grande cantidade de contidos que consumen no día a día?

Organismos oficiais como a OCDE ou a Unesco téñeno moi claro: A epidemia de desinformación é innegable e non poderá resolverse sen a axuda das institucións e da comunidade educativa. “As institucións educativas, os medios de comunicación e as autoridades deben investir en medios independentes e na alfabetización mediática e informacional para acrecentar o coñecemento e a comprensión dos medios e da información, a tecnoloxía dixital e a análise dos datos”,

explica acertadamente a Comisión Europea.

Ensinar dentro das nosas aulas a analizar a información que consumen, independentemente da súa idade ou do curso no que se atopen, insírese nun plano moito máis amplo, que debe ir ligado directamente ao ensino dun pensamento crítico dos nosos alumnos.

Como sosteñen os informes da OCDE, os nosos estudantes aínda non son capaces de identificar as “Fake News” dentro das nosas aulas e a maioría das veces o que fan é simplemente replicar a información que chega, pero sendo incapaces de entendela e de argumentala.

Este pensamento crítico que deben manter os nosos alumnos forma parte das competencias do século

XXI publicadas pola Unesco en busca dos intereses dos nosos rapaces, outorgándolles máis autonomía e invitándoos a traballar mediante resolución de problemas. Deben ser capaces de formular preguntas sobre un contido e buscar respostas; decidir unha acción a seguir e interactuar, emitir xuízos de valor, empregar estratexias retóricas apropiadas nunha discusión ou presentación.

O docente debe axudar a reflexionar, a investigar, a xerar unha opinión e aprender a argumentala para así poder fomentar un pensamento crítico nos seus alumnos facendo que sexan capaces de formular preguntas sobre determinados contidos e buscar as respostas axeitadas, xulgar a credibilidade dunha fonte; emitir xuízos de valor;

identificar supostos; decidir unha acción a seguir e interactuar cos demais empregando as estratexias retóricas apropiadas en calquera debate ou discusión.

De todas maneiras teño a impresión de que cada vez que aparece un problema social axiña identificamos que a solución está na escola, e penso que sen dúbida esta debe xogar un papel esencial na formación de alumnos críticos que saiban buscar e acceder ás fontes de información, que sexan capaces de cuestionar e contrastar as mesmas, de analizar as diferentes visións dunha noticia, pero para que estas medidas teñan verdadeiro éxito, deberían encadrarse dentro dun proceso moito máis global de verdadeira formación de cidadáns críticos.

A lingua galega nas Cortes españolas

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

O deputado socialista por Lugo, Xosé Ramón Gómez Besteiro, estreaba o pasado 19 de setembro no Congreso dos Deputados o dereito a utilizar as linguas cooficiais recoñecidas pola Constitución nos debates parlamentarios, empregando o galego na primeira parte da súa intervención. Besteiro subiu á tribuna para defender a proposta de reforma do regulamento que dá vía libre á utilización do galego, o eúscaro e o catalán na Cámara baixa. Correxíase así unha anomalía democrática, tras nove lustros da entrada en vigor da Carta Magna: o 29 de decembro de 1978 (data da publicación do texto no Boletín Oficial do Estado). Non foi sen tempo.

A súa disertación, que contou coa oposición do Partido Popular e de Vox, tiña lugar 92 anos e 1 día despois de que Afonso Daniel Rodríguez Castelao pronunciara o seu primeiro discurso nas Cortes españolas, o 18 de setembro de 1931. Velaquí uns parágrafos do razoamento do rianxeiro: “Dende que os chamados Reis Católicos verificaron o feito que Zurita deno-

minou ‘doma e castración do reino de Galicia’, a lingua galega quedou prohibida na Administración, nos tribunais, no ensino, e mesmo a Igrexa evitou que nós, os galegos, rezásemos na nosa propia lingua (...). Esta política de asimilación e de hostilidade só conseguiu en tanto tempo este pobre triunfo: que os nenos das escolas crean que falar castelán é falar ben, e que falar galego é falar mal. Por isto e polo outro, o galeguismo é simplemente un caso de dignidade colectiva que tivo o seu eco no peito dos intelectuais que teñen corazón, no dos que pretenden suprimir a miseria cotiá do vivir labrego e mariñeiro, e no dos que soñan con levar ideas e sentimentos novos á corrente universal”.

Para Castelao, o galeguismo era “algo máis que un partido político, e por ese algo máis que ten, é polo que eu fun sempre galeguista”. E tamén consideraba que “non somos separatistas, porque se separatismo vén de separar, separatista será o que non queira que o galego sexa tamén un idioma español”. Unhas palabras pronunciadas hai case un século e que hoxe acadan plena actualidade, pois sitúan á dereita extrema e á extrema dereita na órbita do verdadeiro separatismo; incluso xa anunciaron que non descartan plantexar recurso ao Tribunal Constitucional. A

pelota queda agora no tellado de Alfonso Rueda (e nunca mellor dito o de “tellado”), a ver como sae deste xardín. Criticado dende diversos eidos, días despois comentaba que “a medida está en vigor, se os galegos deciden utilizala están no seu dereito, tamén os do PP, e eu non vería ningunha cuestión niso”. En que quedamos?

Pola súa banda, Gómez Besteiro preguntase: “Pode un presidente da Xunta votar en contra da nosa lingua?”. De feito, os trece deputados do Partido Popular electos polas catro circunscricións galegas fixérono sen pórse colorados, comezando polo “xestor dos Peares”. Resulta indignante, semella que están a renunciar publicamente á nosa identidade, mentres seguen a repetir ese mantra retrógrado da “ruptura de España”. Un erro histórico, prodúceme vergoña allea.

Na súa intervención parlamentaria, Besteiro comezou dando os “bos días” en castelán e nas outras linguas, agradecendo ao seu grupo político que lle permitira a honra de estrear o sistema de tradución simultánea que se instalou para que todos poidan entenderse dentro de Salón de Plenos. “É unha dobre honra facelo na miña lingua materna, o galego”, dixo con amabilidade ao principio dunha intervención na que alternou o galego e o castelán, mentres os



deputados de Vox abandonaban o hemiciclo. De seguido, afirmou con rotundidade que “teño a sorte de falar varios idiomas. E como galego, dóeme que o partido que governa en Galicia queira impedir que a nosa lingua se fale no Parlamento español”, dixo en referencia aos populares. O socialista lugués pechou a súa intervención reivindicando “o especial respecto e protección que merecen as nosas linguas cooficiais, en tanto que son patrimonio común de toda a cidadanía española”.

Como afirma o presidente da Real Academia Galega, Victor F. Freixanes, “non ten sentido ir en contra dun dereito lingüístico, máis cando o Estatuto de Autonomía deixa claro que a defensa e a potenciación da lingua propia son unha das obrigas da Xunta de Galicia”. Recoñezo que como cidadán progresista, galeguista e partidario dunha España plural, síntome orgulloso da ser galego e de reivindicar a nosa lingua, entonando o retrouso da canción de Brinkadela: “Levamos a Terra no peito!”.

Xavier Quijada López, “O Mestre Mateo” chairego

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Aquen lle oín por primeira vez referirse a este gran escultor con estas verbas, foi ao activista cultural, amigo e colaborador deste periódico, Antón de Guizán, co que coincido enteiramente, pois, “coma o Mestre Mateo, a súa arte nace do granito onde descubre e soña coa obra que vai traballar” segundo afirma a páxina de “Galicia Dixital” na súa biografía.

Naceu en Donalbai en 1962, unha parroquia de canteiros do concello de Begonte, e desde neno empezou a traballar de canteiro con seu pai, pois xa era tan grande a súa afección por descubrir o que acochan as pedras no seu interior, que cando seu pai e os seus compañeiros durmían a sesta el, con punteiro e cicel intentaba saber o que escondían dentro. Logo estivo oito anos no seminario de Lugo, pero deixouno, polo que se perdeu unha sotana pero gañamos un gran canteiro e un mellor escultor. En 1986 casou coa vilarega Cándida López Piñol e pasou a vivir na aldea do Barreiro, dos Vilares, onde ten un dos seus talleres, pois o outro está nunha preciosa casa

rural restaurada por el, no medio Polígono Industrial de Begonte, para que non a tiraran.

Este gran escultor chairego, pintor e gravador, que foi finalista no Estado español no Certame de Escultura de 1991, encheu de esculturas a Terra Chá e outras vilas tan arredadas de Galiza como Denia-Alacante, pero sobre todo é mestre de canteiros que deu clases en varias escolas talleres das Nogais, Ares, Cedeira e no Taller de Cantería de Xermolos, onde dirixiu tamén a restauración da ermida de Bascuas, levada a cabo polos rapaces e rapazas da Escola de Cantería. Nesa ermida pódense ollar as súas obras: O fillo pródigo, O pecado orixinal, A parella, A Santa Compañía e As Penas de Rodas. Di que se lle mandaran facer hoxe algunha delas meteríalle medo.

Aínda que o seu oficio sempre foi canteiro, cando casou e veu para O Barreiro viu como o seu veciño Xosé do Casado, xa moi maior, facía santos, leóns e outros animais, explicáballe como os ía facendo e Xabier díxolle que el tamén os faría. Que vas facer!, dícialle Xosé, e fixo un santo de contado. Pensaba que non sabías e si que sabes, fállos moito mellor que min!, recoñeceu o santeiro.

Souben del e da súa arte a finais dos anos oitenta do século pasa-

do, cando gañou un premio de escultura no Festival de Pardíñas, en cuxo xurado me atopaba eu.

Xavier é un verdadeiro artesán que traballa coas ferramentas clásicas que sempre utilizaron os canteiros e afirma que agora si se vai a corrente nun taller de cantería pararían todos os obreiros, porque agora non traballan sen máquinas, non saben utilizar ferramentas de man, non teñen un escapilador nin outras ferramentas que non sexan para a radial ou o compresor. É un home que se sinte orgulloso de facer o que fai e de facelo sempre coa máxima perfección, por iso as súas obras son tan apreciadas e tan queridas. Amigo de Xermolos e de Alfonso, alma máter desa Asociación, creou a preciosa obra “O Xermolo da luz”, colocada en Guitiriz, que foi encargada e costeadada pola veciñanza de Trasparga, San Salvador, Santa Mariña, Roca, O Vilar, Mariz e Lagostelle para homenaxealo a el e a Xermolos.

Todas as súas obras son unha marabilla, e a min deixoume abraído a escultura titulada “Parga” polo ben que describe esa nobre vila. O Concello de Guitiriz encargoulle unha fonte de pedra para poñer onde xa houbera outra de material prefabricado, pero pensou que unha fonte é moi bonita, pero tamén moi sucia, tiran



papeis e voan follas para ela e a alcaldesa díxolle que fixera a súa maneira, algo que representara a vila, polo que representou a Parga que el lembraba desde neno, cando viña andando á feira con seu avó desde Begonte. Representou o que sempre o impresionou e lle chamou a atención.

A obra, de mais de dous metros de altura, ten no mais alto a torre do castelo; ao seu lado está a feira, representada polo pano dunha muller sen face que leva unha cesta na cabeza; a carballeira, unha das cousas mais emblemáticas, que está representada por unha gran folla de carballo; a ponte

maxestosa, que ocupa toda a fronte; o manancial das augas co seu cano e a auga caendo; por último a vía do tren, que non ten moito releve para non facela recargada, pero que pasa polo medio da escultura, que, como na realidade, divide o pobo en dous contra a vontade dos veciños.

Todos eses elementos encaixados lémbrennos perfectamente a vella historia do pobo de Parga e recolle o problema e a loita actual da veciñanza contra a división do pobo, inquedanza que quedará recollida para sempre nesa escultura do “Mestre Mateo” da Terra Chá.

O Galego toma posición

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Vaia a que se armou estes días pasados coa decisión de utilizar o galego, catalán e euskera no congreso dos deputados en Madrid. Anda que non xerou ruído mediático arredor desta iniciativa. Que supón un ridículo maiúsculo cando todos poden entenderse perfectamente en español poñerse a falar no idioma co oficial e ter que utilizar auriculares. Que o gasto para o erario público é considerable, xa que houbo que adquirir os equipamentos e pagarlle a uns tradutores profesionais para que leven a cabo ese traballo. Que son cesións a uns para asegurarse os votos na investidura. En fin, que o tema deu xogo e seguiríalo a dar. En primeiro lugar, que no conxunto do reino de España existe unha lin-

gua común, falada en todo o territorio, que tódolos cidadáns a coñecen e que ten o status de oficial, é obvio e indiscutible. Non perderá esa condición porque na sé da que se chama soberanía popular se escoite de cando en vez a algunha das súas señorías outra lingua que tamén é falada, usada e coñecida en certas partes dese territorio. Sobre a partida orzamentaria que cómpre destinar a ela, sen un pretender ser frívolo cos cartos de todos e recoñecendo a aposta pola austeridade en calquera administración pública, permítaseme que relativice o investimento que suporá desenvolver este sistema de tradución no parlamento español. E sen entrar en demagoxias, pero é que non botamos contas do que que costaron aeroportos que apenas viron un avión nas súas pistas... Non nos paramos a pensar o que pode supoñer calquera viaxe oficial dun dos nosos mandatarios top á outra parte do mundo para asistir a unha toma de posesión dun presidente ou a un

funeral de estado... Cantos recursos, humanos, técnicos, materiais se mobilizan en situacións como as citadas. De verdade, témonos que martirizar porque no congreso, onde os nosos representantes podían tomar gintonics a tres euros, algúns deles utilicen a lingua propia da súa respectiva comunidade autónoma... Creio que está de sobra respostada cada unha das cuestións. Por último, as cesións a uns e outros deberíamolas contextualizar nun sistema parlamentario onde non existen maiorías absolutas e desde o minuto cero tense que negociar todo e chegar a acordos. A democracia, queridos amigos, é o que ten.

Estase a considerar excepcional unha medida que debería verse con total naturalidade e normalidade. No noso caso, non é preciso relatar a condición do galego como lingua discriminada, aldraxada e estigmatizada. Algunha xente, xa de anos, lembraba os contratempas que tivo que sufrir por querer expresarse na

O RECUNCHO DE CANELINA



súa propia lingua no seu propio País. Por todo elo, orgullo e satisfacción de que por fin, aínda que sexa de maneira puntual ou anecdótica, o galego sexa falado, escoitado e traducido nas sesións plenarias do congreso

dos deputados. Algúns non o ven, pero tampouco nos pode sorprender, xa que a súa idea que teñen da sociedade é moi reducida, e non estamos a falar única e exclusivamente do idioma.

DE RUTA EN RUTA

Guitiriz: Ruta da pedra de Díaz Castro

Cun percorrido de case cinco quilómetros fáciles, ten dous protagonistas, a cantería e o poeta nado nesta localidade


Xosé María Díaz Castro poeta e tradutor nado en Guitiriz serve de inspiración para a ruta da pedra de Díaz Castro.

Cun percorrido de case cinco quilómetros esta ruta de dificultade baixa está sinalizada recentemente e ten dous protagonistas, a pedra, un elemento constante durante todo o camiño, e tamén o poeta. Neste pequeno percorrido poderemos descubrir as fermosas paisaxes que serviron de inspiración para os poemas do guitiricense.

A casa de nacemento de Xosé María Díaz Castro, no lugar de Vilariño, é o punto de partida do percorrido, unha construción de pedra que na actualidade conta cunha placa conmemorativa.

A ruta continúa por un camiño rodeado de árbores e aos poucos metros atopamos unha fonte e pouco máis de medio quilómetro do comezo desta ruta podemos ver un monolito dedicado á profesión de canteiro, profesión moi popular na zona. Tamén neste tramo do camiño está a casa dun dos antigos cantereiros máis importantes da zona.

A ruta transcorre por camiños de terra onde os diferentes peches



das fincas en pedra mestúranse cos bosques naturais deixando unha preciosa paisaxe.

Unha vez atravesada a aldea A Casa Nova de Vilariño e realizar un pequeno tramo por asfalto chegamos ao primeiro desvío desta ruta a Porto Muíño, onde poderemos observar os restos dun muíño e dun antigo lavadoiro. Neste punto conta a historia que o poeta, camiño da escola, facía unha parada para falar coas mulleres que lavaban alí a roupa. Este lugar aparece representado nos versos do poema de *Vísperas*.

Para chegar á segunda desviación só temos que camiñar outros 500 metros e tras algo máis dun quilómetro e medio a través dun camiño poderemos ver o Cruceiro de Riotorto. O autor deste cruceiro foi Ignacio Castro que garda relación familiar co poeta e presenta unha plataforma de dous chanzos de granito e unha inscrición alusiva ás indulxencias que lle concede o bispo de Lugo a quen rece ante el. Voltamos á ruta principal na que poderemos coller un desvío ao Buriz que recorta parte da ruta ou ben coller o desvío que nos levará ata o

petróglifo do Agro das Calzadas. Este petróglifo é unha gran pedra de granito que mide aproximadamente cinco metros de lonxitude e un metro e setenta e cinco centímetros de altura. Conta con doce coviñas no extremo dereito e dous pequenos círculos, moi desgastados na parte superior. O núcleo escultórico está situado na parte central esquerda e formado por un elemento cuadrado irregular enmarcado a ambos lados por dúas figuras formadas por tres liñas curvas concéntricas. Debido ás condicións actuais nas que

se atopa o petróglifo a mellor hora para visitalo é durante as postas de sol onde están máis acentuadas as sombras e poderemos apreciar mellor o gravado.

Despois de visitar o petróglifo volveremos á ruta principal en dirección ás Mezoiras, atravesaremos esta aldea e continuaremos ata O Buriz.

Nesta localidade está situada a escola na que estudou o poeta e remata a ruta no campo da festa, sen embargo podemos aproveitar para visitar a igrexa e o cemiterio así como tamén algún dos cruceiros.

DATOS



1 hora e media



5 quilómetros



Dificultade media/baixa

CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados

formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05